



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 143

VII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 8 de outubro de 2008

Presidencia da Excm. Sra. D.^a Dolores Villarino Santiago

ORDE DO DÍA

(Continuación).

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

Punto único:

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. 07/DEBA-0003 (31081)

Retómase a sesión ás catro e corenta minutos da tarde.

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.) (Continuación.)

Debate das propostas de resolución

A señora presidenta informa a Cámara sobre o desenvolvemento deste debate, e pídelle ao señor secretario que lle dea lectura á comunicación en relación coas propostas de resolución admitidas pola Mesa. (Páx. 5.) O señor secretario (López Vidal) le a devandita comunicación. (Páx. 5.)

Rolda de posicionamento dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa das propostas: *Sr. Aymerich Cano (BNG) (Páx. 6.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 11.) e Sr. Ruíz Rivas (P) (Páx. 17.)*

Suspéndese a sesión ás seis e dezaoto minutos da tarde.

Retómase a sesión ás sete e vinte e dous minutos da tarde.

Rolda de posicionamento dos GG. PP. respecto das propostas dos demais: *Sr. Aymerich Cano (BNG) (Páx. 23.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 25.) e Sr. Ruíz Rivas (P) (Páx. 30.)*

A señora presidenta pídelle ao señor secretario que lles dea lectura ás propostas que foron modificadas (Páx. 30.). O señor secretario (López Vidal) le as propostas transaccionadas. (Páx. 30.)

Votación das propostas de resolución

Votación conxunta das propostas de resolución presentadas polo G. P. dos Socialistas de Galicia e polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego número 1, que se transacciona coa 335 do Partido Popular, e a 21: *aprobadas por 75 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 31.)

Votación conxunta das propostas de resolución presentadas polo G. P. dos Socialistas de Galicia e polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 10, 11, 17, 24, 25 e 31: *aprobadas por 75 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 32.)

Votación conxunta das propostas de resolución presentadas polo G. P. dos Socialistas de Galicia e polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 3, 20 e a 27: *aprobadas por 38 votos a favor, ningún en contra e 37 abstencións.* (Páx. 32.)

Votación conxunta das propostas de resolución presentadas polo G. P. dos Socialistas de Galicia e polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 6, 7 12, 15, 16, 23 e 29: *aprobadas por 38 votos a favor, ningún en contra e 37 abstencións.* (Páx. 32.)

Votación conxunta das propostas de resolución dos Grupos Parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, agás a 1, a 21, a 10, a 11, a 17,a 24, a 25, a 31,a 3, a 20, a 27,a 6, a 7, a 12, a 15, a 16, a 23 e a 29: *aprobadas por 75 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 32.)

Votación conxunta das propostas de resolución presentadas polo G. P. Popular de Galicia núms. a 4, a 41 e a 187: *aprobadas por 75 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación conxunta das propostas de resolución presentadas polo G. P. Popular de Galicia núms. 156, 367, 380, 382, 432, 456, 457, 467, 471 e 517: *aprobadas por 75 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación da proposta de resolución núm. 3 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación conxunta das propostas de resolución presentadas polo G. P. Popular de Galicia núms 14, 15, 16, 22, 34 e 53: *rexeitadas por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación da proposta de resolución núm. 78 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación da proposta de resolución núm. 96 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación da proposta de resolución núm. 99 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx.33.)

Votación das propostas de resolución núms. 137, 143 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Votación da proposta de resolución núm. 164 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Votación da proposta de resolución núm. 174 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Votación da proposta de resolución núm. 181 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Votación das propostas de resolución núms. 213, 218 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitadas por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Votación das propostas de resolución núms. 215, 216 e 217 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitadas por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Votación das propostas de resolución núms. 352, 353 e 354 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitadas por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Votación da proposta de resolución núm. 355 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Votación da proposta de resolución núm. 374 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 34.)

Votación da proposta de resolución núm. 379 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx.35.)

Votación das propostas de resolución núms. 475, 416 e 484 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Votación da proposta de resolución núm. 540 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Votación da proposta de resolución núm. 543 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Votación da proposta de resolución núm. 547 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Votación das propostas de resolución núms. 548 a 584 do G. P. Popular de Galicia: *rexeitadas por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Votación conxunta do resto das propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia: *rexeitadas por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Aseñora presidenta abre unha rolda de cinco minutos de explicación de voto dos GG. PP: Sr. Aymerich Cano (BNG) (Páx. 35.), Sr. Rego González (S) (Páx. 36.) e Sr. Núñez Feijoo (P). (Páx. 38.)

Remata a sesión ás oito e corenta e sete minutos da tarde.

Retómase a sesión ás catro e corenta minutos da tarde

A señora PRESIDENTA: Boas tardes.

Señoras deputadas e señores deputados.

Se reinicia a sesión, e prégolles que ocupen os seus escanos, que garden silencio, e que se pechen as portas, por favor.

Gracias.

Debate anual de política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (Continuación.)

A señora PRESIDENTA: Seguimos, como digo, coa sesión do debate do estado da Autonomía, de política xeral, co debate e votación das propostas de resolución presentadas polos grupos parlamentarios.

A sesión, segundo o acordo da Xunta de Portavoces, vaise desenvolver do seguinte xeito: rolda de intervencións dos voceiros dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global de todas as propostas de resolución, por un tempo de trinta minutos por grupo parlamentario; suspensión da sesión por un tempo de corenta e cinco minutos para que os grupos parlamentarios intenten chegar a acordos en canto ás propostas de resolución presentadas. A continuación seguiremos coa sesión cunha rolda de posicionamento dos grupos parlamentarios en relación coas propostas dos outros grupos, por un tempo de dez minutos por grupo parlamentario. Finalmente votaremos as propostas de resolución e haberá, se así o consideran os grupos e os seus voceiros, unha rolda de cinco minutos de explicación de voto.

Lle pido ao señor secretario, ao señor López Vidal, que dea lectura aos acordos da Mesa sobre as propostas de resolución.

O señor SECRETARIO (López Vidal): Moitas gracias, señora presidenta.

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 8 de outubro de 2008, logo de examinadas as propostas de resolución formalizadas polos grupos parlamentarios en relación co debate de política xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo

en conta a ordenación do debate aprobada pola Mesa do Parlamento e a Xunta de Portavoces do 23 de setembro de 2008 e o disposto nos artigos 48 da Lei reguladora da Xunta e o seu presidente, e 141 do Regulamento da Cámara, adoptou o seguinte acordo:

Propostas resolución presentadas conxuntamente polos grupos parlamentarios dos Socialistas e do Bloque Nacionalista Galego, documento número 32675: decláranse congruentes e admítense a trámite as 31 propostas de resolución presentadas coa observación seguinte:

Proposta número 8: corríxese un erro material na proposta de resolución número 8 no senso de substituír a letra d) do parágrafo terceiro pola letra c).

Propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular, documentos números 32674 e 32676: propostas do Grupo Parlamentario Popular admitidas a trámite. Decláranse congruentes e admítense a trámite 584 propostas de resolución das 585 presentadas, coas observacións seguintes:

Proposta número 12: a proposta de resolución, no que atinxe ao ano de elaboración do programa, debe facerse ao ano 2009.

Proposta número 78: substitúese “Lei de publicidade institucional” por “Proxecto de lei de publicidade institucional”.

Proposta número 105: substitúese “Lei da función pública” por “Proxecto de lei da función pública”.

Proposta número 142: substitúese “Lei de creación da área metropolitana de Vigo” por “Proxecto de lei de creación da área metropolitana de Vigo”.

Proposta número 149: a Xunta de Galicia carece de competencias para exercer a iniciativa lexislativa perante as Cortes Xerais, consecuentemente onde di “Proposición de lei para a súa tramitación polas Cortes Xerais”, debe dicir “Proxecto de lei para a súa tramitación no Parlamento de Galicia como proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados”.

Proposta número 150: a Xunta de Galicia carece de competencia para exercer iniciativa lexislativa perante as Cortes

Xerais, consecuentemente onde di “Proposición de lei para a súa tramitación polas Cortes Xerais”, debe dicir “Proxecto de lei para a súa tramitación no Parlamento de Galicia como proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados”.

Proposta número 440: substitúese “Lei do voluntariado” por “Proxecto de lei do voluntariado”.

Proposta 441: substitúese “Lei de xuventude” por “Proxecto de lei de xuventude”.

Proposta do Grupo Parlamentario Popular non admitida a trámite, proposta 346: a Mesa por unanimidade acorda non admitir a trámite esta proposta porque non especifica o tipo de *cluster* que se pretende crear, polo que adolece de falta de concreción.

Identificación da numeración e contido de determinadas propostas do Grupo Parlamentario Popular. Ante a existencia de propostas con diferente contido pero presentadas cos números 257 e 258, a Mesa, coa finalidade de facilitar o seu debate e votación, acorda numeralas do seguinte xeito: a 257 trata sobre a solicitude ao Ministerio de Fomento en relación cos enlaces da AP-9 e a A-52; a 257 bis) trata sobre a solicitude de incorporación de máis gardas civís de tráfico; a 258 refírese á solicitude ao Ministerio de Fomento dun enlace da AP-9 co aeroporto de Alvedro; e a 258 bis) sobre a elaboración dunha normativa específica de dobre protección nos gardarraís.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2008.

Nada máis, señora presidenta, moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor secretario.

Rolda dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global das propostas de resolución.

En primeiro lugar, ten a palabra polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego o señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, prodúcese, como xa se dixo onte, este debate do Estado da nación nun momento de crise económica que

semella non ser unha crise máis. Semella que estamos a atravesar unha crise económica estrutural, unha crise de modelo, do modelo –diríamos– neoliberal. Unha crise que garda, por certo, grandes semellanzas con outras sufridas polo capitalismo no século pasado, como a coñecida a finais dos anos vinte como “a grande depresión”. Tamén daquela a crise veu como consecuencia de políticas económicas ultraliberais que levaron a reducir o gasto público, a reducir os rendementos salariais, a desrregular o sector financeiro e a incrementar de forma espectacular uns beneficios empresariais que, debido á falta de demanda, canalizáronse cara á especulación financeira. As consecuencias son de todos coñecidas.

Hoxe tamén padecemos políticas económicas ultraliberais, padecemos a desrregulación do sector financeiro, o incremento dos beneficios empresariais a custa dos salarios –unha constante en todos os países occidentais e tamén en Galiza desde os anos 70–, e padecemos as consecuencias de rebaixas fiscais progresivas que drenan recursos que deberían ir a servizos públicos esenciais. Todas estas políticas conducíronnos á crise actual, que, como digo, semella non ser o estourido dunha nova burbulla –onte a dos “punto.com”, hoxe a burbulla inmobiliaria–, senón a quebra de todo un modelo económico, de todo un modelo de acumulación económica.

Na Galiza tamén podemos sentar algúns paralelismos. Nos anos 20 e 30 do século pasado os galeguistas, os nacionalistas daquela, traballaban a prol dun desenvolvemento económico autocentrado, batallando por que o ferrocarril chegase a Galiza, batallando por que houbera un tratamento no ámbito económico, no ámbito do comercio exterior, xusto para os sectores produtivos galegos. Aí están no *Diario de Sesións* do Parlamento español as intervencións dos deputados galeguistas contra a sinatura dun tratado con Uruguai para a importación de carne conxelada. E, desde logo, traballaban polo autogoberno, para incrementar as liberdades nacionais de Galiza, daquela a través dun estatuto. Hoxe os nacionalistas, tamén nun momento de crise, desenvolvemos o mesmo traballo. Seguimos traballando para que o ferrocarril chegue en prazo a Galiza. Seguimos traballando para que os galegos disfrutemos canto antes de infraestruturas das que xa disfrutaban desde hai anos noutros lugares do Estado. E ademais, desde as nosas responsabilidades de goberno, estamos desenvolvendo políticas enerxéticas, forestais, agrogan-

deiras, de servizos sociais, que sentan as bases dun modelo económico distinto; un modelo económico pensado para a maioría social. Por certo, seguimos tamén traballando contra importacións paralelas –agora, por exemplo, do mexillón de Chile–, e seguimos tamén traballando para incrementar as liberdades nacionais, do autogoberno de Galiza, a través dun novo estatuto.

Sigamos cos exemplos. A saída da crise do ano 29 non veu precisamente da man das alternativas e das doutrinas económicas que conduciron a ela. Veu da man dun cambio de modelo, do incremento do gasto público, dun sistema fiscal progresivo, do establecemento de mecanismos reguladores da actividade económica, e singularmente da actividade financeira –de aí vén, no caso norteamericano, a actual reserva federal–, da regulación das relacións laborais, protexendo a situación dos traballadores, da nacionalización ou da reserva ao sector público de actividades ou recursos estratégicos. E comprobouse daquela que o incremento dos salarios, lonxe de reducir a competitividade das empresas, a aumentaba. Era precisamente a demanda inducida por salarios dignos, por salarios altos, o que inducía ás empresas a investir e a innovar.

O presidente norteamericano Roosevelt –porque non todo o que vén de América ten por que ser negativo–, resumiu os cambios. Dixo daquela, a principios dos anos 40: “Até o de agora nos dixeran que o egoísmo e o individualismo eran necesarios para conseguirmos unha economía eficiente. O que estamos a ver, pola contra, é que a solidariedade é a condición para termos unha economía eficiente”. Mágoa que esta lección fose despois esquecida.

Como vaiamos saír desta crise aínda está por ver. O futuro está por escribir, temos que escribelo nós, singularmente, os deputados e deputadas desta Cámara. Hai similitudes, mais tamén hai diferenzas grandes coa situación de 1929; singularmente polo que atinxe á existencia dun mercado financeiro globalizado que vai esixir respostas tamén globais. Cumpre regular as institucións económicas internacionais –Fondo Monetario Internacional, o Banco Mundial–, incapaces non só de actuar contra a crise senón, como estamos a ver, mesmo de prevela. Cumpre reformular un proceso de reconstrución europea claramente desacreditado en canto que fundado exclusivamente nos intereses de certos estados e de certas multinacionais, e afastado –estámolo a

ver todos os días– dos intereses e das aspiracións de pobos como o galego e da maioría social dos estados da Unión Europea. Á teimosía con que as instancias europeas e institucións da Unión Europea tratan de impulsar o *dumping* social e laboral –en Galiza sabemos ben o que iso supón; lembremos o que aconteceu cos traballadores do país irmán, de Portugal, nas obras do AVE– e á teimosía coa que intentan rematar coa negociación colectiva alargando a xornada até 65 horas, engádense a problemas que en Galiza padecemos xa de vello: as consecuencias da integración do noso país nunha negociación feita en contra dos nosos intereses. Todos lembramos as consecuencias que aquela integración tivo na construción naval, no esforzo pesqueiro, no noso sector agrogandeiro, etc.

O que si está claro é que non serán as vellas receitas, as que nos conduciron a esta crise, as que nos saquen dela. Non serán, señores do Partido Popular, as rebaixas fiscais progresivas, que seguen propoñendo tamén hoxe nas súas propostas de resolución, no imposto do patrimonio, no imposto de sucesións e doazóns ou no imposto de sociedades, as que nos leven á saída da crise. Non será o recorte do gasto social, que seguen vostedes defendendo a través dese dogma, dese fetiche do déficit cero, ou cando propoñen –está nas propostas que fai o seu presidente, señor Rajoy– delimitar a contribución empresarial ao Fondo de Garantía Salarial, é dicir, deixar os traballadores, en tempos de crise, aínda máis desprotexidos en casos de crise da súa empresa ou de quebra da súa empresa. Non será abaratando o despedimento, nin recentralizando competencias, como se vai saír desta crise; nin desde logo tampouco non será atacando a identidade cultural e lingüística de Galiza. Mais outra vez, señores do Partido Popular, cúmprese a vella máxima: as políticas regresivas no social no Estado español van sempre da man da negación da pluralidade nacional, lingüística e cultural. Esas son, señores do Partido Popular –ou eran até hoxe– as súas alternativas, ese é tamén o seu programa oculto, o que intentan malamente disfrazar baixo esa capa de sensibilidade social que agora gastan.

Estamos en tempo de crise, señorías, que son tempos tamén de paradoxos. A ortodoxia neoliberal sacraliza o mercado, a redución do gasto, do déficit público, predica o esforzo e a responsabilidade individual. Iso si, salvo que os intereses e a posición de dominio das élites financeiras estexan en causa. Cando tal sucede, todas as excepcións son poucas, en forma

de déficit, en forma de gasto público. Non deixa de ser curioso que segundo indican as Nacións Unidas, basten 62 millóns de euros para garantir a toda a poboación mundial o acceso a unha alimentación e á auga. Ninguén, ningún país, desde logo non os Estados Unidos nin a Unión Europea, parecen dispostos a dar ese paso. Sen embargo, dez veces esa cantidade se vai gastar só nos Estados Unidos para depurar os activos tóxicos —esa é agora a linguaxe— dos bancos privados.

Do mesmo xeito, sorprende no Estado español que se regatee cos cartos da dependencia, cos anticipos sanitarios a Galiza, e que se vaia criar ao mesmo tempo un fondo de 30 a 50.000 millóns de euros para comprar activos dos bancos e darlles deste xeito liquidez, un fondo alimentado con recursos públicos. Porque alén desas mans ocultas —últimamente por certo, ben visíbeis— do mercado, a economía non é un fin en si mesmo. Así pensamos os nacionalistas. A economía ten que ser un medio para dar a todos e a todas, a todos os homes e a todas as mulleres, unha vida digna. Do mesmo xeito que as entidades financeiras tampouco son un fin en si mesmo, as entidades financeiras xustifícanse en canto sexan capaces de fornecer recursos para o investimento e para o consumo. Cando son un problema e cando, desde logo, a súa quebra ou a súa crise drenan recursos que deberían mellor dedicarse a outras atencións ou a outros fins, desde logo, debemos ir pensando noutras solucións.

Mais os tempos de crise son tamén tempos de cambio e tempos de oportunidades. Na Galiza é evidente que non podemos por nós sós resolver a crise financeira global, do mesmo xeito que sería insensato dicir que a Galiza non vai chegar a crise. Non, mais si podemos actuar no marco das nosas competencias, dos noso recursos, das nosas capacidades, para que Galiza, e para que a maioría social de Galiza, non sexa como sempre no pasado a pagana da crise. Temos na cabeza cómo nas outras crises, mediados dos anos 80, principios dos anos 90, foron as infraestruturas galegas, foi o campo galego, foi a construción naval de Galiza a que sufriu as consecuencias desta crise. Podemos actuar —hoxe os nacionalistas estamos no Goberno deste país— para que precisamente Galiza e a súa maioría social non paguen a factura.

Para iso serve, desde o noso punto de vista, o autogoberno, e para iso queremos ampliar o marco do noso autogoberno a través de novas transferencias e a través dun mellor financiamento dun Estatuto de nación. Isto non é mera retórica,

hai exemplos tamén a nivel internacional que poden ilustrar que a afirmación que os nacionalistas facemos está tamén avalada pola experiencia, nuns casos experiencia dura. Na Arxentina, o cumprimento estrito das recomendacións dos Estados Unidos, do Fondo Monetario Internacional e do Banco Mundial conduciron a este país, riquísimo en recursos, ao endebedamento e á quebra social e institucional de principios desta década. A desregulación, o desmantelamento da industria e da agricultura nacionais, a privatización de recursos públicos, o rigor monetario a través da equiparación do peso co dólar, foron todas elas medidas aconselladas por eses organismos internacionais. Seguiron estritamente os ditados que lle viñan e foron tamén dereitiños á crise.

Pola contra, hoxe, recoñécese que foron precisamente eses países —e tamén na crise actual temos algúns exemplos en Asia— os que non seguiron os ditados desas institucións, os que deseñaron políticas propias en función dos seus intereses, das súas capacidades e dunha estratexia nacional de desenvolvemento, os que mellor están atravesando a crise.

É precisamente o autogoberno, señorías, entendido como a formulación de políticas propias en función dos intereses e das capacidades de Galiza, a mellor ferramenta que este país ten para enfrontar a crise; e con ela estamos comprometidos os nacionalistas. Por iso, nesta liña está a traballar o Goberno de Galiza, e singularmente o nacionalismo, poñendo os recursos e as potencialidades deste país a favor do seu desenvolvemento, a favor do seu benestar e a favor da protección da nosa identidade nacional e lingüística, da que somos, da que é, parte indisoluble. E aí se dirixen as propostas de resolución, presentadas, como en anos anteriores, conxuntamente polos dous grupos que dan sustento ao Goberno. Propostas de resolución que apoian os eixos da política gobernamental, unha nova política enerxética, dirixida, precisamente, a servir os intereses do país en contraste coas políticas do Partido Popular que apoiaban o espolio e a drenaxe cara a fóra dos nosos recursos, unha política alimentaria nova. Sabemos producir alimentos, e alimentos de calidade, pero temos que incidir alí naqueles sectores onde agora a competencia internacional, os desequilibrios introducidos por políticas e organizacións de mercado deseñadas en contra dos nosos intereses, están producindo problemas.

Queremos incidir, e aí se refire tamén a proposta de resolución número 16, na formación de prezos no marco europeo,

na regulación das marxes comerciais para garantir rendimentos e prezos dignos aos nosos produtores.

Estamos tamén diante dunha crise financeira, por iso é importante que en Galiza, á marxe doutras medidas contidas no programa de goberno en relación coas entidades financeiras deste país, teñamos recursos e recursos financeiros en forma dun novo sistema de financiamento que responda ás nosas necesidades e ás nosas aspiracións, que garanta un espazo fiscal propio para Galiza, na forma tanto dunha axencia tributaria propia como en forma tamén de impostos propios xestionados desde este país, e tamén, desde logo, en forma de suficiencia estática e dinámica, de recursos que garantan unha prestación de servizos públicos de calidade para todos os galegos.

Estamos atravesando unha crise inmobiliaria, unha crise inmobiliaria que aquí –recoñeceranme, señorías– non ten tanto unha orixe internacional como unha orixe, digamos, máis local. No caso da crise inmobiliaria, as causas da crise si que se poden identificar coas políticas do “ti vai facendo” do Partido Popular. E aquí o nacionalismo, o Goberno galego, traballa, precisamente, non para sanear as contas de resultados de certas empresas ou de certas inmobiliarias tan caras ao Partido Popular, senón precisamente a través dun plano sectorial de solo residencial para dotar a este país de vivendas, de vivendas dignas e accesibles para a maioría social, e para crear emprego nun sector –eso é o que nos preocupa– que está atravesando unha situación difícil. O mesmo se diga do solo industrial, do solo produtivo, que só nestes anos –xa foi dito no debate de onte– supón 45 millóns de metros cadrados en xestión, case tres veces máis do que o Partido Popular foi capaz de xestionar en 16 anos de Goberno. Tamén aí se dirixen as nosas propostas de resolución.

Estamos nunha crise que nos obriga a mellorar a competitividade, digámolo así, da nosa economía, mais non sobre a base da precarización laboral ou dos baixos salarios, como predicaba o Partido Popular, senón sobre a base do incremento da dotación de capital físico, tanto en infraestruturas como en solo empresarial ou en telecomunicacións. Tamén aí, a crear un espazo de decisión galego en materia de telecomunicacións, a xestionar conxuntamente co Estado o espazo radioeléctrico, se dirixen algunhas das propostas de resolución presentadas polos grupos que sustentamos o Goberno, e mais tamén dirixida a capacitar os traballadores,

a fomentar a innovación empresarial nas liñas nas que está traballando o Goberno de Galiza na actualidade.

Entendemos que cumpre camiñar cara a un marco galego de relacións laborais, tal e como se recolle no pacto de Goberno e tal e como se está avanzando neste momento. Alén do incremento das nosas competencias en materia laboral, apoiamos e sustentamos a través das nosas propostas, programas de fomento do emprego para o ano que vén, que faciliten a contratación, a reciclaxe profesional e a capacitación dos traballadores, porque tamén en momentos de crise, temos que actuar nese sentido.

Nunha crise, señorías, é precisamente cando máis hai que esforzarse, cando máis hai que traballar para levantar redes sociais, redes de garantía, contra a desigualdade e contra a exclusión, e canto máis hai que esforzarse para crear ese sistema galego de benestar, que satisfai a través de servizos públicos as necesidades das familias, dos sidosos, dos dependentes, iso si, con participación de todas as administracións a través do Consorcio.

E porque é precisamente en tempos de crise canto máis necesarios son estes mecanismos de solidariedade social que son os servizos públicos, tamén no ámbito sanitario ou no ámbito educativo, propomos nas nosas propostas de resolución que se intensifique o compromiso cos programas de loita contra a exclusión social, e tamén de protección ás mulleres que son vítimas da violencia machista.

Porén non chega, non chega con explotar ao máximo as capacidades, as competencias e os recursos que temos como Goberno. O Estado tamén ten que axudar, ou polo menos o Estado ten que deixar de pór paos nas rodas. Para Galiza, para os nacionalistas, cada vez é menos comprensíbel, nun momento no que os diferentes gobernos europeos piden que se flexibilice o réxime de axudas da Unión Europea, nun momento no que se están dando axudas –esas si que son axudas de Estado–, a empresas, empresas privadas, como son os bancos –parécenos ben ou parécenos mal, é a realidade–, que se estea impedindo a un dos mellores estaleiros de Europa, desde logo o mellor que hai no Estado español, que é o estaleiro de Fene, en Perlío, construír buques civís. É difícil de entender que en tempos de crise estexa aínda levantado ese veto pola falta de comprensión quizais do Goberno español e, desde logo, pola falta de visión da Unión

Europea. Recollemos tamén unha proposta de resolución animando ao Goberno galego, singularmente á Consellería de Industria, para que siga traballando para levantar o veto e para que a construción naval civil, tal e como demanda a maioría social en Ferrolterra, volva á ría de Ferrol.

Entendemos que hai que incrementar as competencias de Galiza a través de novas transferencias. Son coñecidas as nosas demandas, están as negociacións abertas para completar transferencias en materia de tránsito, que nos permita crear a policía galega, en materia de inspección laboral, pero tamén, desde logo, para incrementar o noso ámbito de competencias naqueles ámbitos en que foron pouco a pouco comidos ou invadidos pola acción do Estado. O caso claro é o que caso da vivenda. Hai un plano cuadrienal de vivenda, promovido polo Estado, que nós seguimos entendendo, desde o BNG, que invade competencias autonómicas. Nunha proposta de resolución dicimos que, como mínimo, parte –entendemos que a parte máis importante– dos recursos que o Estado destina a ese plano estatal de vivenda se territorialicen, é dicir, sexan xestionados directamente de forma incondicionada pola Administración galega. Non é só unha cuestión de prurito nacional, é tamén unha cuestión de eficacia. A acción do Goberno, a acción da Consellería de Vivenda destes anos, demostra cómo co exercicio do autogoberno e coa aplicación dos nosos propios recursos e das propias competencias é como mellor se satisfai a demanda de vivenda do noso país.

Desde logo, o Estado tamén debería –falamos antes da creación dese espazo fiscal propio– eliminar paradoxos que son difíciles de explicar: que a rehabilitación de vivenda realizada ao abeiro dese plano estatal de vivenda teña un tratamento fiscal máis favorable que o que teñen as rehabilitacións realizadas con cargo aos programas da Xunta de Galicia, da Consellería de Vivenda. Xa hai unha resolución aprobada neste sentido a instancias do BNG no Senado. Recollemos unha proposta de resolución para seguir avanzando por este camiño.

Entendemos, señorías, que é necesario tamén avanzar na xestión das nosas infraestruturas e no seguimento das infraestruturas estatais, que Galiza ten que participar na xestión dos portos e dos aeroportos de titularidade estatal no noso país, e que debemos criar xa un ente ferroviario galego para xestionar directamente unha rede ferroviaria de proxi-

midade no noso país. Aí tamén se dirixen propostas de resolución apoiadas polos dous grupos, asinadas polos dous grupos e esperemos que tamén sobre elas poidamos chegar a acordos, a algún tipo de transacción co Partido Popular.

Desde logo, recollendo tamén o reto que onte lanzou o vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, seguimos comprometidos coa ampliación do noso marco de autogoberno, seguimos comprometidos os nacionalistas con traballar para un novo estatuto. Mágoa, señorías, do Partido Popular, que non aprendan, mágoa que a súa proposta de resolución que di “sentémonos xa mañá para falar dun novo estatuto” volva poñer condicións e diga que o Goberno presente un proxecto de lei. Se o Goberno presenta un proxecto de lei, como xa se dixo onte, vostedes dirán: É que nos queren impoñer o proxecto de lei do Goberno. Temos moito andando, temos moito traballado na Comisión, na Ponencia de reforma poderíamos, se queren vostedes, retomalo mañá mesmo e traballar nese sentido.

Dixen antes tamén que a economía debe estar ao servizo das persoas e ao servizo do país, e non, ao revés, as persoas ao servizo da economía. Entendemos que son os traballadores, que son os labregos, que son os mariñeiros, que son os empresarios que invisten neste país, que son os comerciantes, que son as mulleres, que son as familias, que é a xente nova, os que queren levar unha vida digna neste país, os destinatarios dos nosos esforzos e os beneficiarios da nosa xestión económica.

E por iso, porque a economía debe estar ao servizo do país, o país debe ser preservado. Debe ser preservada a súa identidade lingüística e cultural. Aí van as propostas de resolución en materia de lingua e en materia de patrimonio deportivo e industrial. Debe ser preservada a súa paisaxe e o seu medio natural e tamén debe ser preservada a súa memoria. Se así prefiren, debe ser preservada a súa identidade democrática.

Porque un país, unha nación, señorías, así o entendemos desde o BNG, é un proxecto común que se ten que fundar en valores e en referentes tamén comúns. Para a nós a memoria histórica é unha obriga. Unha obriga cos devanceiros, cos que deron o mellor da súa vida, ou a súa vida mesma, por este país, pero unha obriga sobre todo para que a historia non se repita e para podermos fundar a nosa convivencia sobre bases dignas e non sobre o oprobio e o esquecemento. Do

noso punto de vista, o mínimo que cabería esixir é a condena sen paliativos da ditadura franquista, e por iso a recolle-mos na nosa proposta de resolución número 20. Créanme, señorías do Partido Popular, non cuestionamos en absoluto as súas conviccións democráticas, o que lles pedimos é que non as cuestionen vostedes mesmos votando en contra desta resolución. Estou certo que hoxe tamén imos ter un momento histórico e por primeira vez o Partido Popular vai condenar a ditadura franquista; por iso tan ofendidos se sentiron a semana pasada cando algúns –estou disposto a facer autocrítica, a recoñecer o erro– lles dixemos algo así como que viñan desa ditadura. Teñen identidade democrática, demóstrana votando esta resolución.

Se algo, señorías –xa remato–, caracteriza o traballo do Bloque Nacionalista Galego é a procura de consensos en asuntos de interese nacional, en cuestións de país, o novo estatuto, as infraestruturas ou a lingua. Agora tamén a loita contra a crise e a posta das bases dun novo modelo de desenvolvemento social e económico máis xusto para o noso país. Foron outros grupos, señorías, os que vetaron e racharon consensos sen lles importar o dano inferido a Galiza. Seguimos a pensar desde o BNG que o acordo é o mellor camiño, mais sempre a condición de que todos falemos claro, sen axendas ocultas e expoñendo claramente as nosas propostas e as nosas alternativas. Ese é o método que os nacionalistas sempre aplicamos para acadar acordos de goberno e –aos resultados me remito– parece que con éxito.

Sería bon recuperar o tempo perdido, sería bon recuperarmos o tempo perdido en materia de lingua, en materia de autogoberno, tamén en materia económica, sempre que o Partido Popular asuma que a volta atrás non é unha opción; que non podemos continuar coas políticas antisociais e antigalegas que eles propugnaron e que nos conduciron á crise actual.

A dereita europea, señorías, asumíuno despois da Segunda Guerra Mundial, fixo seu a dereita europea o modelo do Estado de benestar. E penso, señores do Partido Popular, que farían ben tamén en deixar á marxe prexuizos, en deixar á marxe preconceitos e implicarse. Teñen sitio, na construción dunha Galiza máis libre, máis igualitaria e máis próspera. Este, que é o noso proxecto, dos nacionalistas, pode ser tamén o seu.

É certo que as propostas de resolución presentadas no convidan precisamente ao optimismo. É certo tamén que, en cal-

quera caso, o Goberno conta cunha maioría sólida capaz de sacar adiante o seu programa de goberno. Mais sexa como for, señorías, os nacionalistas non perdemos a esperanza.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Aymerich Cano.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Boas tardes, señoras e señores deputados.

Señora presidenta.

Onte fíxose nesta mesma tribuna polo presidente da Xunta de Galicia un balance de tres anos de goberno, que eu creo que se pode resumir nunha única frase: que o cambio político, o cambio social, o cambio económico en Galicia xa é unha realidade. Pero quedan por diante meses antes dunha convocatoria electoral. Meses que na nosa opinión deben ser utilizados con intensidade polo actual Goberno para completar o proceso de transformación de Galicia. Completar ese proceso tanto no plano lexislativo, con colaboración plena por parte deste Parlamento, como da acción propiamente do Goberno nos distintos ámbitos económico, social, territorial, ambiental ou de rexeneración democrática.

Eu teño a coincidencia, digamos, con algunhas palabras que escoitei onte ao portavoz da oposición neste mesmo debate. Creo que, coma el, aínda que quizais con máis decisión e con máis, se se quere, claridade, considero que o legado que nos deixou o Partido Popular pois é un legado dun déficit profundo nestas materias, en materia económica, de benestar social, de protección ambiental ou de calidade democrática. Sen dúbida, este legado ten sido unha gran oportunidade para o cambio, ten sido un dos elementos que teñen facilitado a intensidade deste cambio. Pero sen dúbida tamén ese mesmo déficit ten constituído unha rémora significativa que ten pesado e obrigado a un traballo de singular intensidade para que ese cambio puidera producirse.

Un déficit, en primeiro lugar, de planificación. ¿Como actuar rápido, ben, con corrección, con sentido de país se

non existía previamente unha planificación que pensase o país na súa unidade, senón unha suma descoordinada de políticas que tentaban contentar a unhas ou outras clientelas?

Felizmente esa primeira fase do cambio xa se ten dado en Galicia eu diría que case na súa integridade. Está felizmente cumprida, con instrumentos de planificación de distinto ámbito e de distinto rango: as directrices de ordenación do territorio, o Plan de estradas de Galicia, o Acordo de competitividade, o Acordo polo emprego, o Plan da sociedade do coñecemento, o Plan galego de I+D+I, o da acuicultura, o de infraestruturas hospitalarias, o Plan integral de saúde da muller, o Plan Galicia suma; distintas estratexias, Energos, o Plan de fomento do libro e da lectura; un sinnúmero de instrumentos que en cada un dos ámbitos están marcando a diferenza en relación co modelo anterior.

Había tamén un déficit de lexislación, parcialmente solvado. Quedan aínda bastantes leis que están en tramitación neste momento neste Parlamento. Pero por pór dous exemplos, non había unha lei de subvencións ou non existía unha lei de servizos sociais. O cal é realmente chamativo. E están en trámite, por exemplo, unha lei de pesca, unha lei de vivenda ou unha lei de residuos.

Posiblemente nalgúns casos se carecía dese instrumento lexislativo básico porque non se pensaba actuar nese sector en concreto con instrumentos públicos, con recursos públicos; e, por tanto, non era necesario ese instrumento. Un abandono en moitas ocasións á iniciativa privada, xeradora de desigualdades. E noutras ocasións, tamén, non se quería ter un instrumento que delimitase, que puxera límites á acción discrecional dun goberno.

Tamén houbo compromisos que condicionaron a marxe de actuación nestes anos. Moitos deles seguidos por este Goberno cando non chocaban frontalmente coas ideas, coas nosas concepcións, reformados por este Goberno para ser mellorados, pero, en todo caso, compromisos que condicionaban a súa actuación.

E, por último, había unha cultura política específica, clientelar, que actuaba freando o cambio, e que houbo que modificar, na relación entre a Comunidade Autónoma e os concellos, na relación entre as institucións e os particulares, que este Goberno puxo empeño en modificar desde a raíz.

Por eso, con todo eso, hoxe o cambio é unha realidade innegable. E hai que dicir que teño para min que o elemento central dese proxecto de cambio do Goberno de Emilio Pérez Touriño ten sido converter a Xunta de Galicia na cabeza e no corazón da transformación de Galicia, a que marca as estratexias e condiciona a actuación dos conxuntos dos actores, con diálogo, con proximidade, pero tamén con clareza, con decisión e con sentido de anticipación; que integra as estratexias de distintos axentes nunha visión de conxunto, conseguindo que a Xunta de Galicia marque o proxecto de país, coa complicidade de todos.

Ese modelo de transformación que está en marcha é o que na nosa opinión se debe intensificar aínda máis nos próximos meses, para completar nesta lexislatura unha primeira fase tremendamente interesante, tremendamente positiva, de transformación de Galicia.

Pero, sen dúbida, a diferenza do que ocurría hai un ano, hoxe temos, como xa foi exposto en parte polo portavoz do BNG, unha nova conxuntura en Galicia. Estamos nunha nova fase do ciclo económico, a crise económica está entre nós. Esa é unha diferenza relevante, que non modifica os obxectivos estratéxicos deste Goberno, os obxectivos de converxencia con Europa e coa media española, o obxectivo do pleno emprego, pero que, sen dúbida, obriga a acomodar as prioridades, a ser máis esixentes no uso dos recursos, a reorientar algún destes recursos para poder responder ás novas demandas.

Despois de moitos trimestres de elevado crecemento do produto e do emprego, a situación económica nos países desenvolvidos e tamén en España ten empeorado nestes últimos meses. A crise financeira, de carácter internacional, está tendo unha recorrencia parecida á temporada dos furacáns: episodios devastadores de crecente gravidade que sacan á luz o que nós entendemos é a deficiente regulación, a insuficiente supervisión e a xestión negligente por parte dos operadores financeiros na economía estadounidense. Aínda que hai que dicir que o pragmatismo das súas autoridades ten dado luz verde a un plan recente que pode empezar a resolver algúns destes problemas.

Esta crise financeira transformouse en crise bancaria e trasladouse á economía real por múltiples vías: ralentizando o consumo, o investimento, facendo máis caro o recurso ao

crédito e incluso dificultando o acceso a este mesmo crédito; reducindo as oportunidades de investimento, producindo un efecto riqueza negativo; o cal, entre outras cousas, leva a unha atonía no mercado do traballo e á elevación do paro.

Esta crise financeira ao primeiro sector da economía real ao que ten afectado de forma moi directa é ao sector da construción residencial. A burbulla especulativa de carácter financeiro tiña nas hipotecas, nas hipotecas de vivenda, a súa principal expresión, alentando en moitos países unha expansión non sostible do sector da promoción inmobiliaria.

Esto ten afectado, como xa se ten recoñecido, á economía española de xeito evidente e notable, en ritmo de crecemento, en creación de emprego, en paro, nas contas públicas, nunhas circunstancias internacionais moi desfavorables. E isto ten afectado, como consecuencia tamén, a nosa propia conxuntura.

Nas magnitudes económicas básicas amosamos un comportamento mellor que o conxunto da economía española, crecemos máis a día de hoxe e o noso mercado de traballo resiste mellor. Tamén a día de hoxe estamos facéndoo mellor. Como xa ten dito onte o presidente da Xunta, a maior prosperidade destes anos, o aporte dos fluxos públicos á renda disponible, a aceleración dos investimentos en infraestruturas –entre outras cousas gracias ao plan de dinamización presentado no mes de xaneiro–, o clima de confianza e de complicidade xenerado cos axentes sociais, a nosa específica composición sectorial e o bo comportamento dalgún destes sectores en Galicia explica este diferencial positivo.

Pero certo é que vamos a sufrir esta crise, porque son determinantes os mecanismos que nos vinculan á conxuntura española e, en menor medida, á europea. Por tanto, fronte a esta crise debemos facer un exercicio, dicía antes, de extremar o rigor na selección de prioridades. Diante dunha crise deste calibre a sociedade estrema a súa demanda de protección, da existencia de redes de protección social, de redes de protección de carácter público. Aquelas persoas, familias ou empresas que teñen dificultades a donde miran é ao sector público pedindo que faga algo por eles, que bote unha man, que resolva algunhas dificultades. A profundización das políticas de protección social faise imprescindible para atender aquelas persoas que teñen dificultades para chegar a fin de mes, que caen en paro, que teñen unhas competencias

profesionais que agora son inhábiles nas novas condicións do mercado de traballo.

A intervención pública tamén ten que ser sensible ás dificultades conxunturais dalgunhas empresas que mesmo sendo solventes teñen dificultades de liquidez, ou teñen dificultades para acceder ao crédito que precisan para expandirse e seguir producindo.

Nestas circunstancias os cidadáns teñen que ser máis que nunca o noso centro de referencia, o noso centro de gravidade, o centro de gravidade das nosas políticas. Estas son, se me permiten vostedes, as políticas que está desenvolvendo a Xunta de Galicia, a mellor garantía que teñen os cidadáns nas actuais circunstancias. O noso compromiso claro, definido, permanente, en favor das políticas sociais, das redes de seguridade, ten un valor maior aínda no actual contexto.

O orzamento do Estado do ano 2009 está feito con estas prioridades, moi marcadas: o seguro de desemprego ou o sostemento das pensións, fundamentalmente das pensións máis baixas, son algunha das rúbricas que son mellor tratadas. Xustamente as políticas de carácter social, de reforzamento das redes de seguridade, son aquelas que teñen a máxima prioridade. Esta é unha boa noticia para todos nós. En Galicia xustamente esas pensións e as pensións máis baixas chegan a máis cidadáns en promedio que noutros territorios. Pero o Goberno de Emilio Pérez Touriño, a actual Xunta de Galicia, quere no ámbito das súas competencias reforzar esas accións sensibles ás necesidades dos que máis o necesitan.

Ten aprobado xa, como é ben coñecido por esta Cámara, no ámbito do seu marco competencial, algunhas medidas protectoras complementarias das do Estado, como a paga extraordinaria para os pensionistas non contributivos. Ten posto en marcha nestes trimestres últimos algunhas outras que, de xeito indirecto –como a eliminación das peaxes, o impulso do transporte metropolitano, a ampliación dos catálogos dos servizos sanitarios, os libros gratuítos, etc., etc.–, reducen a necesidade de gasto das familias e contribúen como unha renda en especie a mellorar o seu nivel de vida; medidas paliativas para os cidadáns que chegan de xeito preferente aos sectores máis débiles.

Moitas das medidas indicadas onte polo presidente da Xunta no seu discurso neste estado da Autonomía, ou as propostas

de resolución presentadas neste debate, teñen xustamente ese componente. Cando, cumprindo unha resolución do ano pasado, se lle dá un novo impulso ao transporte metropolitano, por exemplo, en colaboración cos concellos e coas empresas, reducindo substancialmente as tarifas para os usuarios habituais, promovendo o transbordo gratuíto, se está atendendo a criterios de carácter social pero tamén ecolóxicos, impulsando unha política de gran calado. Cando se poñen medidas específicas dirixidas ás persoas cun paro alongado ou a zonas con especial incidencia do desemprego estase mellorando a política económica pero tamén a política social con criterios de investimento e non só de gasto.

Cando se insiste na necesidade de reforzar a inclusión social para non deixar a ninguén descolgado en momentos de dificultades, prestando unha especial atención a que están nos extremos das redes públicas pendentes dun fío, parece que se está poñendo marcha unha estratexia razoable se queremos que a apelación á solidariedade sexa integral. Cando se decide non baixar a garda para poder integrar na Administración pública as persoas con minusvalías, con discapacidade, ou cando se decide non baixar a garda diante dunha lacra como a violencia de xénero, para que unha vez aprobados os textos normativos nos seus diversos ámbitos se poidan perfeccionar as medidas de atención ao que antes definía como unha lacra, se está actuando especificamente diante dun sector ao que a sociedade é particularmente sensible. Cando melloramos os servizos públicos xeneralizando a receita electrónica ou poñendo en marcha unha estratexia específica de carácter integral contra unha enfermidade que tanto desestabiliza as persoas e as familias como o cancro, estamos facendo o que temos que facer nesa liña de mellora permanente dos servizos públicos. Cando queremos anticipar ao cen por cen dos centros educativos, o acceso ás linguas estranxeiras por parte dos nosos alumnos, estamos apostando pola igualdade e pola competitividade. Cando reforzamos o servizo público de emprego para incrementar o personal, adecuar a rede de oficinas aos pactos territoriais e homologar procedementos ou cando reforzamos os medios da Administración de xustiza e especificamente alí onde se produce algún grave problema, como é na execución de sentencias, estamos próximos ás preocupacións dos cidadáns.

Sin duda, todo isto debemos facelo. Hai que facelo, porque as políticas de protección son estritamente necesarias. Pero

non debemos quedar só na protección fronte á crisis. Debemos ir un paso máis alá, utilizar a crisis como unha oportunidade para o cambio, unha oportunidade para acelerar a chegada dun novo modelo económico. Toda conxuntura crítica é un reto e unha oportunidade. Aquelas empresas e aqueles espazos, como Galicia, que saben ler mellor os mapas do futuro, teñen garantido un maior crecemento.

En España e en Galicia a aproximación que podemos chamar “paliativa” ás dificultades derivadas da nova situación económica está presente desde o principio e está ben que así sexa. Pero non é suficiente, é necesario unha política intelixente, de oferta, de anticipación, complementaria dun gasto público selectivo e prudente de sostenemento da demanda. E esta é xustamente a política do Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño, que o programa de medidas extraordinarias de apoio ao emprego e á actividade económica prolonga e reforza.

Xa no mes de xaneiro, co Plan de dinamización económica para insertar recursos públicos e soste a actividade, incidindo sobre todo na obra pública, no solo empresarial, na construción de vivendas protexidas, reforzando os programas de crédito ou de garantía para as empresas a través da acción do Igape e do ICO –que, por certo, se está cumprindo, está dando efectos–, cando no mes de xullo, a principios de xullo, o diálogo social rende de novo os seus frutos e impulsa a sinatura dun acordo pola competitividade cos representantes de traballadores e empresarios baixo a dirección do presidente da Xunta con representantes do conxunto dos axentes sociais se transmite unha dose concentrada de confianza e de consenso básico, que ninguén debería desprezar. É un aporte decisivo para contrarrestar o deterioro da confianza de consumidores e empresarios. É un compromiso común en torno a obxectivos a medio e longo prazo que reduce sensiblemente os custos de acordo, tan elevados sempre en sociedades en que a fragmentación territorial e o minifundio ten tanta importancia.

Pero onte o presidente da Xunta deu un paso máis e puxo diante desta Cámara o acento nese programa de medidas extraordinarias, que é unha forma de na actual circunstancia de dificultades non cexar no empeño de acelerar esa converxencia económica con España e con Europa poñendo o acento razoablemente na atención aos traballadores desempregados e na atención ás empresas en dificultades.

As propostas de resolución que presentamos a esta Cámara van permitir avanzar con decisión por esa vía. Sabemos que unha parte da nosa mao de obra vai ter dificultades para que as súas competencias profesionais sigan tendo o mesmo valor na actual conxuntura. Facilitar a mobilidade profesional e dotar os sectores emerxentes de enerxías alternativas, de agricultura ecolóxica, de rehabilitación da mao de obra que precisan co nivel de formación adecuado é unha resposta cremos adecuada a esta situación. Atender especialmente os traballadores con máis dificultades, favorecendo a súa recualificación, é un xeito de reforzar tamén a base económica. Priorizar as pemes e os autónomos significa facer unha lectura atenta da nosa realidade socioeconómica; cando hai tantos retornados con algún capital e con iniciativa que deben ser estimulados para poñer ese capital, esa iniciativa, en favor da actividade produtiva.

E cara ao futuro é conveniente actuar de xeito permanente sobre a oferta formativa, reforzando a formación continua en sectores estratéxicos ou adecuando o catálogo da formación profesional ás necesidades produtivas.

Nós non queremos que nas situacións de dificultade se recrudezan problemas que estaban en vías de solución. Por eso hai unha atención especial aos temas de seguridade. Sobre a seguridade hai que actuar en todo momento do ciclo económico, pero quizás no momento de crise hai que prestarlle unha especial atención. Por eso, dúas das propostas de resolución –unha con carácter xeral, falando da necesaria activación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral, e outra específica dirixida aos traballadores do mar– poñen o acento nestas circunstancias.

O sistema financeiro está afectado por unha doenza complexa que dificulta, como todos sabemos, a circulación do financiamento, porque se interrompe a liquidez, porque hai episodios –trombos, diríamos– que rompen a confianza entre os que teñen os fondos e os que demandan estes fondos, que colapsan órganos que serían solventes se a circulación continuase, que obligan a darlles marcha atrás a proxectos que serían viables. Por eso tamén as propostas de resolución se dirixen a activar o circuíto do crédito, en dirección, sobre todo, ás pequenas e medianas empresas. A iniciativa que onte adoptou o Goberno Zapatero e que será posta en práctica nas próximas semanas en dirección ao conxunto do sistema bancario, é unha boa noticia para activar a

circulación do crédito; pero desde Galicia, no ámbito das nosas competencias, temos tamén a obriga de traballar e especificamente en dirección ás pequenas e medianas empresas, actuando na crise para reforzar o modelo de crecemento. Porque queremos aproveitar este momento de cambio para que as empresas sexan capaces –as pequenas e medianas empresas tamén– de internacionalizarse, de engancharse na innovación, de facer os cambios internos que precisan, para ser competitivas no novo contexto.

Por último, nas nosas propostas –por último neste ámbito– introducimos medidas de carácter sectorial en sectores como o solo empresarial, porque en moitas ocasións non só o crédito constitúe un esganamento para o investimento senón a disposición de solo produtivo –máxime despois de ter pasado lustros en que a oferta de solo e a súa demanda non se encontraban, e máxime cando sabemos que o proceso de produción de solo produtivo é longo e complexo, necesita un período de maduración de varios anos–. Cremos que cómpre seguir actuando nesa dirección para facilitar o desenvolvemento da nosa economía. O no medio rural, actuando con decisión, indo máis alá incluso dese instrumento como o Bantegal, para plantexarse accións de reforma de estruturas que desbloqueen algunhas cousas. Ou –se recordaba antes– introducindo transparencia nos mercados de produtos primarios, tanto do agro como da pesca. Sen dúbida, unha competencia equilibrada e unha dimensión adecuada fronte á crise. Pero esa competencia equilibrada non é posible cando existen ao longo do proceso de produción e de distribución capacidades, poderes, moi diferentes. E unha forma de enfrenarse a isto é, sin duda, a transparencia, e outra forma é modificar os esquemas regulatorios que lle afectan.

Asegurábase hai agora un ano que o novo Goberno tiña como obxectivos a planificación do conxunto do territorio, a vertebración deste mesmo territorio e a protección específica de amplios espazos. Cremos que non é necesario plantexar propostas de resolución en dirección ao primeiro destes temas. As directrices de ordenación do territorio están xa en marcha. Son unha realidade que debe completar a súa tramitación nos próximos meses.

O plan de estradas é tamén xa unha realidade. Temos dado un avance substancial. As directrices se convirten, unha vez que sexan aprobadas definitivamente, nun ben público, dispoñible para todos, sen exclusións e que só vai ter beneficios. Por-

que vai orientar as decisións de cada un dos axentes e porque vai dar estabilidade a longo prazo ao noso modelo territorial.

A vertebración do territorio temos que decir que se está traballando de forma firme e decidida para reducir o tamaño de Galicia. Reducir o tamaño, facela máis pequena, máis accesible para os cidadáns, é a forma tamén de facela máis grande cara ao exterior. Porque é a única maneira de que poida pesar unida. E para isto é preciso unha adecuada política de dotación, primeiro, e de xestión de infraestruturas.

A certeza de que vamos ter un ano máis por riba do 8% do investimento do Estado é unha garantía para a dotación de infraestruturas. A certeza tamén, como onte aseguraba o presidente da Xunta de Galicia, de que o presuposto da Xunta do ano 2009 vai ter unha das súas prioridades no investimento nos permite albiscar con optimismo o ano 2009 para mellorar a accesibilidade desde todos os puntos de Galicia, para facer frutificar, facer útil, o conxunto do territorio; para incrementar o espacio competitivo de Galicia. Pero tamén é necesario que exista unha xestión adecuada desas infraestruturas, regar con intelixencia as infraestruturas existentes para que poidan ser útiles ao conxunto dos cidadáns e das empresas. É nesa liña onde se inscriben dúas propostas para crear un ente xestor de infraestruturas ferroviarias e para que a Xunta participe na xestión integrada dos tres aeroportos, unha vez que o Estado ten aberto un proceso de participación para as comunidades autónomas.

Por último, na sostibilidade, teño que decir que presentamos varias propostas que poñen o acento no plan hidrolóxico da conca que xestionamos así como na posta en marcha dunha estratexia galega contra o cambio climático.

Por último, me gustaría referirme brevemente ás cuestións do autogoberno. Algunhas das medidas citadas inciden nesta liña, o ente xestor de infraestruturas ferroviarias, a participación na xestión dos aeroportos, van nesta dirección. Pero queremos complementar esta liña de acción con outras tres medidas: compartir o espacio radioléctrico, compartir a xestión do plan de vivenda e reclamar a competencia do servizo meteorolóxico, sendo a única comunidade autónoma, xunto coas cidades autónomas de Ceuta e Melilla, que aínda non ten esta competencia.

Pero nesta liña non quero deixar de citar un tema de gran relevancia e actualidade, estamos no tempo de discusión do

modelo de financiamento das comunidades autónomas, da súa revisión. Temos a convicción de que esta España plural e democrática na que vivimos é o mellor que lle pode pasar a Galicia, pero tamén de que melloramos esta España cando defendemos os intereses de Galicia desde os nosos valores de igualdade e de solidariedade. A nosa forza radica xustamente en que os valores e os intereses coinciden. Por iso presentamos unha proposta de resolución para apoiar a negociación do Goberno da Xunta, do novo modelo de financiamento autonómico, que quere atender a tres criterios: o mantemento da armazón básica do modelo que temos, por tanto que o eixo central sexa a determinación das necesidades de gasto das comunidades autónomas e que prime o principio de equidade, sin que existan recortes na solidariedade, sin que existan servizos de primeira e servizos de segunda, porque non ten ningún sentido; en segundo lugar, que para mellorar a suficiencia se teñan en conta aqueles aspectos que inciden directamente no custe de prestacións dos servizos e que, por tanto, a dispersión e o avellentamento teñan maior peso e estean presentes, ademais, en todos os componentes do gasto; e, en terceiro lugar, a consecución dunha maior autonomía financeira, que é un obxectivo para nós razoable e factible, sobre todo ampliando o espacio tributario para que a fiscalidade ambiental teña un sentido.

Non querría rematar sin referirme, aínda que sexa moi brevemente, á cuestión da lingua. Presentamos tamén unha proposta que dá oportunidade ao principal grupo da oposición a volver ao consenso, respectando o Plan xeral de normalización lingüística, afondando no consenso, e respectando os dereitos de todos os cidadáns no seu comportamento lingüístico; unha proposta equilibrada e razoable que debería servir de base para unha nova fase de consenso dos tres grupos.

Remato xa, señora presidenta, señores deputados, decindo que queremos que os próximos meses, e a través destas propostas e da acción do Goberno, se poida seguir impulsando o cambio en favor, como vostede dicía onte, dunha Galicia máis forte, máis próspera, máis solidaria, máis competitiva, máis habitable, máis sustentable e máis democrática.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Fernández Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS: Gracias, señora presidenta.

Señorías, o que debía ser o debate por excelencia desta Cámara, gracias ao Goberno e aos grupos que os apoian, é nin máis nin menos que un debate máis, un debate máis, primeiro, pola falta precisamente dese goberno que aquí debería de estar; de 14, faltan 8.

En segundo lugar, e lle agradezco, señor presidente, que cando menos un dos dous presidentes viñera (*Aplausos.*), porque tamén chegou tarde, pero esa é a primeira falta de respecto a este debate.

A segunda é que o que aquí aprobamos non vale para nada, salvo o que aproban vostedes, porque as obviedades que aproban vostedes, as poucas ás que son capaces de chegar a acordos, si as cumpren. Pero todas aquelas que presenta a oposición, que son tamén vostedes quen de aprobar ou transaccionar, esas non se cumpren. Polo tanto, o primeiro que vamos a pedir nas nosas propostas de resolución: que este debate sirva para algo e que o que vostedes aproban, que o cumpren. E sobre todo que den contas a este Parlamento tamén deses cumplimentos e incumplimentos.

O segundo é porque parece que os galegos esixen que aquí se fale dos seus problemas. Parece que o señor presidente non debería facer un discurso de despedida, parece que o señor presidente, cando hai moitos galegos pasándoo moi mal, non debería de facer un discurso tan autocomplaciente. Parece máis ben, señor presidente, que é un discurso que non escoitou a calle, e que simplemente escoitou os seus asesores. Está ben que vostede non salga de Montepío, pero polo menos deixe que salgan eles, que teñan contacto coa xente, que lle digan o que está occurring (*Aplausos.*), porque, señor presidente, os problemas deste país non son o PP. O PP será un problema seu, o PP será un problema do señor Quintana, será un problema do *canguelo* que teñen todos vostedes porque o PP vai a estar onde sempre estivo, precisamente tendo a maioría de todos os galegos (*Aplausos.*). Iso quizá é o que lle preocupe, e por iso adicaron todos e cada un dos minutos, tanto onte como hoxe, a falar do PP, a falar do pasado. Nós vimos a falar do presente, vimos a falar do futuro e vimos a falar do que lle preocupa a xente. O que lles preocupa a vos-

tedes, non teñan tanta preocupación, que as furnas deixarán a cada un no seu sitio. Por iso nós levamos moito tempo como grupo parlamentario escoitando a calle, indo á calle, como partido, facendo precisamente a nosa labor alí onde nos deixan vostedes. Onde hai obstrucionismo no Parlamento hai portas abertas para a calle, e aí é onde estamos, e alí é onde estamos escoitando a xente. E por iso esto non é simplemente unha crítica ou un balance que faga o portavoz do Grupo Popular, nin o Partido Popular, é un balance ou unha crítica que lle están facendo na rúa. E, polo tanto, nestes momentos non pode haber ambigüedades, nestes momentos o que hai é que escoitar a xente.

E vostedes o que tratan é precisamente de agachar a realidade, negar a realidade. Antes foron Solbes, antes foi Zapatero, antes foi o señor Touriño, agora xa parece que vostedes empezan a ver unha realidade que é evidente. ¿Sabe a diferenza? Que siguen agachándoa, que siguen tapándoa, que siguen mentíndolle á xente precisamente sobre esa realidade.

Polo tanto, señor Touriño, as marabillas que vostede dixo onte, moi dificilmente sería capaz de repetilas en calquer rúa, en calquer plaza de abastos de Galicia, en calquer lonxa de Galicia, decirlle que estamos mellor, que temos máis poder adquisitivo, que estamos máis musculosos, que estamos máis fortes, que estamos mellor preparados e que temos un plus de resistencia. Paréceme a min, señor Touriño, que se está alejando vostede moito do que sente a xente. Quizá todo eso é o que teñan vostedes: un gran plus de resistencia, resistencia a deixar esa silla e a tomar as decisións que non son quen de tomar en beneficio de Galicia. (*Aplausos.*)

E hoxe creo que xa todo o mundo reconece que hai unha crisis, e todo o mundo reconece que esa crisis non é esóxena nada máis. En Galicia temos crisis de moitos sectores produtivos, en Galicia temos crisis de moitos servizos públicos. E vostede sígalle botando a culpa a todo o que vén de fóra, porque, en verdade, señor presidente, se lle bota a culpa a todo o que vén de fóra é porque dentro, e dentro do seu Goberno, non hai solucións para atallar ou paliar as consecuencias desas crisis. Polo tanto, vostede non só agrandou a crisis con medidas como as que tomou, senón que creou unha crisis nova neste país chamado Galicia. É unha crisis de ilusión, unha crisis de confianza, e sobre todo unha crisis da institución que debía axudarnos a saír diso: a Xunta de Galicia. Pois ben, para iso tamén está o Partido Popular, para

iso precisamente estamos nós, para dar confianza, para dar solucións, para decirlle á xente que esto é o traballo duns e este é o traballo doutros (*Aplausos.*). Isto é todo o que vostedes foron quen de facer, porque é o mesmo que decir que isto foi ao único ao que vostedes foron quen de chegar a un acordo. Mire, onte houbo dúas grandes propostas. *El líder B* dixo: “Vamos a blindar competencialmente a Galicia e así queda blindada da crisis”. Vamos a ver o seu amplo documento e Galicia vai quedar blindada coa transferencia do Instituto Meteorolóxico, que é o único que pretende vostede. ¿Que nos está decindo? ¿Que nos vai a traer bo tempo á comunidade e iso vai facer que teñamos máis riqueza, señor vicepresidente? ¿Donde están as súas demandas? ¿Donde están as tradicionais demandas nesta Cámara e do nacionalismo? ¿Donde están as súas propostas? Ningures. ¿Donde está esa proposta estatutaria? *Na de na.*

Pero tamén o señor presidente fixo unha gran proclama –por certo que hoxe ninguén foi quen de explicarnos nin avanzarnos quen son esos dos 430 millóns de euros, para est presupuesto, para o que vén, sería tardío, para esto, señor presidente, tal e como lle van os ingresos, ¿que é o que fixo vostede para non gastar precisamente en políticas activas de emprego 430 millóns? ¿Por que non nolo aclara? ¿Por que non lle di a esta Cámara con que medidas complementarias van vostedes facer efectivos eses 430 millóns? Sen actividade económica, esas medidas quedan, señor presidente, no aire. ¿Donde queda o seu plan de competitividade aprobado fai un mes? ¿Que pasou, xa o olvidou? ¿Dnde vai ese diálogo? Diálogo cando lle interesa, despois vai vostede por libre. Quixo salvar a plana onte cunha medida que simplemente é unha medida de fume. Porque que vostede lle esté decindo aos galegos que con esa medida vai crear 20.000 postos de traballo, cando son os que ten destruído vostede e o seu Goberno no último ano é un sarcasmo, señor presidente. (*Aplausos.*)

Mire, a única medida que vostedes tomaron e que tamén foi das menos efectivas para Galicia, foi a medida da soberbia. E ¿sabe cal é esa medida? Pois que todo o que nós levamos proponendo, todo o que nós levamos decindo desde que existe a crisis –non desde que vostedes a viron, desde moito antes do presupuesto do ano anterior–, foi tirado á basura por vostedes. Todas e cada unha das nosas propostas foron fruto ao final da súa, pois, insolvencia á hora de intentar, cando menos, escoitar a maioría dos galegos. E tiraron con esa

posibilidade de acordos unha e outra vez á basura. Agora xa non vende o talante, agora quedan moi ben unhas frases moi bonitas de decir que van ofrecer pactos, pero despois nunca, nin ofrecen nin son quen de aceptar o que lles están a decir os demais.

Mire, señor Touriño, agora xa pode decir quen manipulaba. Hoxe estaba o propio Fondo Monetario Internacional cando decía que posiblemente... O Fondo Monetario Internacional di que para o ano en España vai haber o 15% de paro. Din que vamos a entrar en recesión co -0,2, e vostede sigue con esa política triunfalista de botarlle a culpa a todo o mundo e, sobre todo, non aceptar o brazo de quen supo ter a este país nunhas cotas e riqueza que evidentemente nin vostede nin o seu Goberno van deixar cando se vaian. (*Aplausos.*) Por iso, a min, señor Touriño, me gustaría que o que vostede dixo onte aquí fora quen de dicírllo á cara, mirándolles aos galegos, mirándolles precisamente aos ollos e atreverse a decirlles a todos aqueles precisamente que foron ao paro que temos un plus de resistencia; a aqueles que están sin cobrar a Lei de dependencia, que estamos mellor que no resto do Estado; a todos eses mozos galegos, máis de 20.000, que se tiveron que ir da comunidade, que non hai problema porque vostedes os atenden moitísimo. E así podería seguir dicindo unha e outra sarta de verdades que vostede non sería quen de decírlas aos galegos mirándolles aos ollos. Si, non se ría vostede tanto, señora do Bloque, é moi fácil vir aquí e decirlle, ¿verdad?, aos galegos que agora teñen máis poder adquisitivo. ¿Como é posible que con salarios baixos e coa inflación máis alta de Europa teñamos máis poder adquisitivo? (*Aplausos.*) ¿Que pasa? ¿Que o señor conselleiro de Economía e o presidente A e o presidente B nos van a convencer que é porque os galegos somos moi espléndidos e deixamos moitas propinas?

A verdade é que si que hai unha crisis, e a crisis é precisamente deses factores tamén que eu lles digo que lle fan padecer moito máis aos galegos, por eso é un insulto decírlles a esos galegos que teñen un plus de resistencia.

Mire, ¿sabe quen ten o plus de resistencia? O plus de resistencia o teñen todos aqueles que están na súa maraña de axentes electorais, ben sea en Muxía, en Entrimo, en A Baña e no outro. O plus de resistencia o teñen todos aqueles que na súa administración paralela, Seaga, no Consorcio, entraron de *clo, clo*. E así din todos os sindicatos, si. (*Aplau-*

sos.) Eses teñen un plus de resistencia; como plus de resistencia, señor Lobeira, *se tiene dentro del Audi*, por eso...,

A señora PRESIDENTA: ¡Por favor, silencio! Perdona un segundo. Por favor, silencio, señor Lobeira.

E vostede non dialogue cos deputados, señor Ruíz Rivas.

¡Por favor silencio!

O señor RUÍZ RIVAS: A verdade é que se necesita a alguén neste Parlamento que dialogue, porque o resto non dialoga, ¿verdade? (*Aplausos.*) Polo menos agradézcollo, señora presidenta...

Pero, mire, eu si vou a calificar xa os seus tres primeiros anos, o anterior ao ano da despedida, xa pouco queda. Mire, vostedes si escribiron un capítulo na historia de Galicia, escribiron o capítulo do estancamento, do paro, da inflación, do déficit e do despilfarro. Ese mesmo que di que non hai confianza nos galegos nin no seu Goberno nin na súa situación económica. Eso que hoxe mesmo nos decía que temos precisamente o dato, ¿verdad?, de pesimismo, o dato de confianza, máis baixo historicamente: o 38% menos. Mire, en Galicia os precios están máis altos que en España, e é a subida dos precios a máis alta de Europa. O paro está no 11,26%. Eu lle vou a dicir unha cousa: se crearon tantos postos de traballo no último trimestre que se pode asignar ao grupo e ao Partido Popular —43.000— que os que crearon vostedes nos seguintes 36 meses; 43.000 no último trimestre. (*Aplausos.*) Cando faga as contas, fagaas no último trimestre. Si, señor Touriño, faga as contas, ¿recorda o que lle dicía este grupo en certa ocasión? ¿Aquel mono que iba no spuknik —bueno non era no spuknik pero era unha nave espacial—, e que el pensaba que era o que despegaba a nave e que a nave espacial iba dirixida polo mono? ¿Acórdalle que eu lle fixen aquel símil para dicir que vostedes estaban movéndose pola inercia e a actitude do goberno anterior? Hoxe en día xa se empeza a ver que era verdad, o mono vai de pasaxero, pero non dirixe a nave. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Mire, como comprenderán vostedes... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: ¡Por favor, silencio, por favor silencio!

O señor RUÍZ RIVAS: Non o tomen a mal. Non, se o toman a mal, retíroo. A ningún de ustedes, pois a pesar de que defenden tanto o dereito dos simios, a ningún de ustedes intentei pois mezclalo cos mesmos. Dito esto... Se non o entenden, mire, será a mesma capacidade que teñen para facer tantas propostas de resolución, será logo. Vale. (*Aplausos.*)

Dito eso, nós si queremos dar solucións, nós queremoslle falar á xente dos seus problemas. E os seus problemas son solucionables ou son paliabiles con ese pacto que nós ofrecemos por financiación da comunidade, financiación local, por ese pacto para aprobar os presupostos, que son o instrumento máis importante que ten a comunidade, os presupostos. Dentro dos presupostos se engloban todas as políticas que se poden incidir nesa vida dos galegos. Pois ben, nós ofrecemos eso. E ofrecemos que nos escoiten, e lle estamos a dicir que vostedes teñen que coordinar a administración; e coordinar a administración significa menos consellerías —eso si, coordinadas—, significa menos unidades administrativas, significa menos plus de resistencia para tantos altos cargos. Eu comprendo, señor presidente, que necesite moitos asesores. Pero en época de crisis tamén que algún se lle vaia ao paro non lle debía a vostede preocupar tanto, porque en realidade hai que tomar tamén medidas para que despois poda estar ben incluso nesa situación.

Dito eso, eu lle digo que vostede o que ten tamén é que facer unha política que os gastos correntes diminúan; 60.000 millóns das antigas pesetas foi a súa herencia en tres anos. Eso é o que vostedes subiron eses gastos, hai que facer un plan de aforro precisamente nos costes da Administración. Nós pedimos medidas de incentivo fiscal, a verdadeira supresión do imposto de sucesións e doacións, a rebaixa do imposto de sociedades, o incremento de deducións para vivendas, insuflar créditos a través do Igape para políticas específicas e especiais e de todas esas actividades industriais que xiran ao redor da construción e que o están pasando mal, como o moble, a electricidade, o cemento, etc. Nós lle pedimos, ¿verdad?, que faga verdadeiras políticas de emprego, que incremente o que foi o risco para os nosos necesitados na comunidade. E, por certo, señor Aymerich, imposto de patrimonio, reclámelle aquí aos veciños, ¡eh!, que é o quen o suprimiu.

Pois ben, eu lle dicía que neste país chamado Galicia hai unha crise xeneralizada, pero que non é só unha crise do

sistema financeiro. Nestes momentos temos importantes sectores que o están pasando moi mal: o sector primario, con todo o sector agrogandeiro, con todo o sector da pesca. Pois ben nós pedimos medidas para que realmente teña o peso que debía ter. Nestes momentos a palabra que máis surxe no campo, que máis surxe na costa, é abandono. E non o podemos permitir, non podemos permitir que se sigan pechando explotacións gandeiras, que os nosos barcos, ¿verdad?, teñan dificultades para chegar e que lle rinda a marea polos precios. Pois ben, nós temos medidas para plan de apoio ao sector cárnico, para o sector cerealista, para que se indemnice ao 100% a todas as cabanas danadas da lingua azul. Queremos que se cumpran os contratos homologados e, sobre todo, queremos que, xa que temos unha Consellería de Pesca, cunha conselleira, que se gaste os cartos, que non deixe sin executar 120 millóns de euros, que non lle devolva a Europa 30 millóns de euros por non executar. E mentras tanto, ¿saben o que fixeron? Paralizar plans que podían dar moita riqueza a Galicia, plans que tiñan a Galicia como a número un do mundo en materias como a acuicultura. Pois ben, nestes momentos vostedes foron os mellores embaixadores ou ministros de Portugal ou de Nicaragua. Porque, mentres se perjudicou a empresas galegas, se está a beneficiar con moitas das súas decisións a empresas que son foráneas. Por eso nós queremos que vostedes tomen medidas sobre o plan acuícola, nós queremos que empecen a mobilizar ese solo industrial. O 85% do solo industrial téñeno paralizado. Nós queremos saber qué pasou con aquela intención que vostedes tiñan de gastar o 1,5% de PIB de I+D+I. Se lle enche a boca de falar de I+D+I pero a única verdade é que diverxemos co conxunto do Estado, que hai menos proxectos e menos investigadores. O que si hai é bastante máis palabrería. Nós queremos que se lle dé unha solución e temos propostas para o sector naval. Mentras tanto agora o Goberno cala. Nós queremos, en definitiva, que se den solucións á nosa industria, e queremos, ¿verdad?, que o proceso eólico sexa un proceso xusto, transparente e, polo tanto, nós tamén lle fixemos un pacto para que o botaran atrás. E ¿saben por que? Porque están tomando decisións altamente peligrosas. ¿Que pasou, señor vicepresidente, que tanto se enchía a boca con ese plan eólico? E vostedes dixeron que ían facer unha primeira criba que estudiara se todas as empresas cumprían con todos os trámites, os administrativos, os económicos, os empresariales... ¿Por que non fixeron a criba? ¿Me está dicindo vostede que todas as empresas cumprían precisamente para seguir no trámite da adxudicación? ¿Ou será porque vostedes non queren tomar unha reso-

lución que impugne todo o proceso igual que impugnou a orden precisamente que lle dá virtualidad? ¿Será que algunha desas empresas que non cumpren teñen que ver cos intereses ou que vostedes queiran que sigan adelante nese proceso? Aclaren. (*Aplausos.*) E a única forma de aclarar é facernos caso voltar atrás e falar e ter transparencia nun proceso que pode deixar en evidencia o seu grupo e o seu Goberno.

E ¿que decir do sector terciario? ¿Donde vai o plan de comercio? ¿Como están reducíndose as ventas minoristas! ¿Como cae a confianza do consumidor! E ¿que están a facer vostedes? Nada de nada.

Pois ben, o mesmo poderíamos falar tamén da crisis dos servizos públicos, da crisis da sanidade. Vostedes teñen grandes retos, si, si, teñen grandes retos, e resulta que de todos esos retos anduvemos de curva en curva, conflito tras conflito, o maior conflito precisamente de todo o personal, da escala que sea, da sanidade pública. Tuvéron vostedes por primeira vez listas de espera en atención primaria, non saben qué facer cos recursos humanos e con todo ese personal facultativo que está a pique de xubilarse. E sobre todo perderon absolutamente toda a credibilidade porque vostedes xa non teñen listas de espera, vostedes teñen listas de mentiras. Eu moitas veces, e todos os meus compañeiros en ámbito comarcal, lle temos ensinado á prensa e temos nos nosos concellos e comarcas falado de xente que leva máis dun ano e medio para probas, o outro día un de endocrino, ano e medio sin que o chamaran. E vostede sigue dicindo que a espera media son seis meses. E á xente o que lle empeza a dar é realmente repugnancia do trato que lles están dando a unhas persoas, que o que se merecen é a atención que un servizo público ten que dar (*Aplausos.*), e sobre todo que polo menos a xerentes, ¿verdad?, deixen de ser políticas. Se se queren presentar como vostede ás eleccións en calquer municipio, pois que teñan debate político. Pero donde teñen que traballar que fagan política sanitaria, e para eso hai que ser profesionais e non políticos. (*Aplausos.*)

E dito eso, tamén vostedes teñen moito que dicir na educación. Claro, hai máis gasto por alumnos. Sólo vamos a aclarar unha pequen cousa: hai menos alumnos. Eso calémolo. Pero o que vostede tamén cala é que por primeira vez na historia de Galicia o esforzo presupuestario en educación está por debaixo do 25% do total, (*Aplausos.*) e desde que están vostedes o incremento de gasto en educación vai por debaixo

xo do incremento medio do gasto da Xunta de Galicia. Para vostedes é un tema secundario, a educación é un tema secundario; se non, como se poden tomar a pitorreo que no seu primeiro ano subira o fracaso escolar 1,2 puntos, ¡como se pode!... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: ¡Un momento, por favor! Señor Ruíz Rivas, un momento.

Por favor, silencio. Sinceramente lles digo: non vou a tolerar ningunha voz alta máis, sexa quen sexa o deputado e sexa cal sexa o grupo, como é a miña obrigación. Desde logo, estou disposta a que esta tarde non se monte, en fin, ningún circo. Lles advirto que non vou a tolerar nada máis alá do señor que está falando na tribuna, para o que reclamo respecto.

Prosiga, señor Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS: Gracias, señora presidenta, é que hai un gran deses ditos que sólo se creen algúns, que se chaman progresistas, que a preocupación pola educación e polos servicios públicos sólo depende deles; e cando chegamos os retrógrados, os reaccionarios e lles decimos que están invertindo menos en relación co presuposto que facían precisamente eses raccionarios, entón se enfadan. Pois siguen vostedes, e pónanse como se poñan, gastando menos do 25% do total do presuposto. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, teño moita cara, teño unha cara tan grande, teño unha cara tan grande, que son capaz de ir diante de calquer galego e repetir o mesmo. O que vostedes dixeron onte, seguro que non.

Mire, e lle vou a decir máis, falan de plan de FP. Home, está moi ben facer plans pero polo menos poñerlle memoria económica. É a pouca diferenza que tiña cos que tiñan os da dereita, ¿verdad?

Ibamos a ter un ordenador..., bueno, dous para cada un. ¿Que máis dá?, cinco para cada un; se metemos un pouquiño máis a cabeza tamén chega. (*Aplausos.*)

De conciliación, ampliación de horarios e apertura dos centros, eso deixémolo en man dos concellos. De educación trilingüe..., xa temos problemas con dúas, imáginense con tres.

Prazas de educación infantil, esas ¿para que as vamos a garantir? E ¿por que non aproban o decreto de educación?

¡Ai, amigos! Porque non son capaces de aprobar o decreto e traelo na súa proposta de resolución. Póñanse de acordo, porque este país vai ir a paso lento, como vostedes non sean, de aquí as eleccións, capaces de poñerse de acordo en moitas máis cousas do que están facendo.

Pero, mire, hai unha crisis tamén para as familias, hai unha crisis para esas familias que ven que o señor vicepresidente, cando inaugura, inaugura todo o que licitou o Partido Popular, en Laracha, en Poio, ¿verdad?, e vostedes inda non teñen unha cintiña que lle corresponda enteiramente a vostedes. (*Aplausos.*) Tamén éche mala suerte.

Mire, pero vostede ten un problema que se chama “lei da dependencia”, se chama “engano a moitísimos galegos que pensaron que podían exercer un dereito desde fai moito tempo e que están olvidados por vostedes”; 100.000 dependentes, 16.000 grandes dependentes.

O Plan xerontolóxico nacional: nin un sólo peso dou o Estado. Agora si, inventamos el “nacionalismo de proximidad”, que significa que podemos bailar, ese mesmo nacionalismo de proximidad que lle permite agarrarse e abrazar a Magdalena Álvarez e bailar ao seu ritmo. (*Risos.*) Enhorabuena, señor presidente. (*Aplausos.*)

Moi ben, pero entón eu quixera que ao que lle dixo esa gran frase de “nacionalismo de proximidad” que lle diga cal é o “nacionalismo de salón” ou cal é o “nacionalismo de élite”. ¿Ese é o de olvidar os dependentes? ¿Ese é aquel que unha vez que deixaron de bailar xa non serve a música? Díganos vostede, nacionalismo de proximidad, nacionalismo de salón.

Por certo, *el señor presidente se fue* e era moi importante que estuvera aquí, polo menos para ilustrarse, ilustrarse do que pasa nesta casa. Porque vir a dicir aquí que a Lei de violencia de xénero non a aprobou o Partido Popular, home, cando menos é desconocelo. O que si lle podemos dicir ao señor vicepresidente e ao presidente que á Lei de igualdade no traballo tampouco votamos en contra; si o fixeron vostedes á Lei de violencia de xénero no ano 2004. Miren a diferenza: *aquellos progres dijeron que no y los reaccionarios dijeron que si. ¡Ai, que se nos van a romper los esquemas de lo que es progresismo!* (*Aplausos.*)

¿E que falar da mocidade? ¿Que falamos de todos aqueles que foron olvidados desde o primer momento, desde o seu pacto de goberno? Si, tres liñas, non se poña así, tres liñas. Se teñen unha comisión interdepartamental e en tres anos e non a reuniron, se a única proposta que veu aquí, unha lei de xuventudes, a presentou precisamente o Partido Popular. ¿Que pasa con todos eses mozos que se van mes tras mes de Galicia? ¿Que hai daqueles plans como o Plan Labora, o do acceso á vivenda, a vivenda de aluguer? ¿Que fixeron con todo eso? ¿Que fixeron? Díganllo aos xóvenes, ¿que lle fixeron? ¿Donde vai a ilusión que depositaron no cambio? Claro, despois xa veremos e analizaremos o cambio a donde e por que.

En xustiza, *hombre, la verdad, que lo único que propongan ustedes es que se negocie con los delincuentes...* Miren a súa proposta de resolución. *¡Ay, mi madre!*, 144.000 asuntos pendentes, 80.000 sentencias sen executar, 16.000 sentencias penales sen executar. Nós falamos de medidas como a creación de novos órganos xudiciais, nós falamos de reforzos de xuzgado en temas de execución, nós falamos de reforzos dos xuzgados do mercantil. E vostedes de para o ámbito penal ir á conciliación extra... (*Interrupcións.*) Si, bueno, bueno, me parece moi ben, é unha gran solución; si, señor, dialoguemos cos delincuentes e estilo norteamericano: El señor fiscal llega a un acuerdo, punto, e para casa, vale. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Pois miren vostedes o que están a pedir na súa proposta de resolución número 7.

Mire, e por último, vamos a ver, ¿donde están en infraestruturas...? Me gustaría ver á miña conselleira preferida, pola cantidade de veces que tuven que intentar pois mellorar servizos da miña comarca dirixíndome a ela, home, me gustaría saber e preguntarlle se de todo o que licitaron non tiñan que haber licitado xa dez vías de alta capacidade, se de todo o que vostedes inauguraron, eses oitenta e tantos quilómetros, un solo deles foi licitado por vostedes. Me gustaría saber por que 360 quilómetros de alta capacidade van con máis de dous anos de retraso, me gustaría saber por que agora xa non reclamamos unha comisión de seguimento. Pero ¿é que tan ben nos vai?, ¿tanto nos cambiou Magdalena? A min recórdame o único que tiña aquel gato de salvaxe, que era el gato Silvestre, ¿verdad? E ao final era el “lindo gatito”. (*Risos.*) Pois eso é no que vostedes se convertiron, señores do Bloque, xa non son capaces nin de reclamar o que estiveron reclamando durante toda a súa vida.

Miren, o AVE, a verdad que o AVE..., home, eu fun pitoniso en certa ocasión. En certa ocasión dixeran que sabía quen iba a ganar a adxudicación de Barbanza, ¿verdad?, e por que nos iba a salir en 30 millóns de euros máis cara, e acertei. Pois agora sólo hai unha persoa –bueno, dúas, o señor Caballero e o señor Touriño–, que se crean que o AVE vai a estar no 2012. Eu non sei, e din que o pitoniso que a min me dixo que iban a adxudicar 30 millóns máis caro é o mesmo que traballa para o señor Touriño, e que, cando llo dixo –Señor Touriño, el AVE no llega en el 2012–, o señor Touriño contestoulle: Eso xa o sei eu, o que quero saber é se vou a estar eu no 2012. (*Aplausos.*) Pois eso tamén llo podo dicir eu e non son pitoniso. Nin o señor Touriño nin o señor Quintana van a estar aquí no 2012. E tampouco van a estar desde mediados de 2009, porque non se fixeron acredores coa súa xestión precisamente a que o merezcan.

De vivenda casi non se me ocorre nada orixinal, como contenedores reciclados, cabañas de madeira, minipisos. ¿Por que non se entregan incluso as rematadas... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: ¡Por favor!

O señor RUÍZ RIVAS: Home, a verdad que en Galicia si temos...

A señora PRESIDENTA: Señor Ruíz Rivas, vaia rematando.

O señor RUÍZ RIVAS: Vou rematando.

Pero quero recordarlle á señora presidenta que, polo menos igual que nos partidos de fútbol, estuvo parado o partido durante dous minutos, ¿verdad? (*Protestas.*) E, polo tanto...

A señora PRESIDENTA: ¡Por favor!

O señor RUÍZ RIVAS: Dáme tempo igual, entonces, gracias, señora presidenta.

Mire, en materia de vivenda subiron os prezos e sube o esforzo para pagar unha vivenda. En medio ambiente o único que conseguimos, ¿verdad?, foi novo vertedreiro de 500.000 toneladas en Sogama. Eso si, de saneamento de rías e de todo eso, propaganda, nombre e non conocemos nada máis. (*Protestas.*) De voto en urna... (*Pronúncianse pala-*

bras que non se perciben.) Si, si, en Ribeira arrégleo vostede co Concello de Ribeira, que é o responsable deso. Arrégleo vostede. ¿Ou é tan incapaz que durante dous anos non foi capaz de encontrar un sitio acorde? Búsqueo.

Mire, en emigración xa non teñen voto en urna, eso xa non lles interesa. Os compromisos desta casa xa non interesan.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

O señor RUÍZ RIVAS: Remato.

Miren, neste país o que se necesita é tamén unha oferta como esas que se fan por aí, *un dos por uno, cambiar dos gobiernos, dos proyectos que al final no son ni proyectos ni nada, por un gobierno, un equipo y un presidente que está preparado precisamente a través de ideas para gobernar este país.* (Murmurios.) *¿Y sabe lo que les digo a ustedes?*

A señora PRESIDENTA: ¡Por favor, silencio!

O señor RUÍZ RIVAS: Claro que cambiaron el país, lo cambiaron pero para peor.

Eu dígolle o mesmo que decía onte o meu presidente: Gracias por nada, adiós bipartito. *Chao, chao. (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Ruíz Rivas.

Imos a suspender a sesión durante 45 minutos para que os grupos parlamentarios poidan chegar a acordos.

Lles recordo aos voceiros dos grupos que despois, para facilitar o proceso de votación, lles pido, lles prego, que me digan os números agrupados das propostas de resolución que se poden votar conxuntamente.

Xa sei, señor Castro, que vostedes teñen máis de 580. Espero que, en aras do bo funcionamento do Pleno, mas poidan dar agrupadas para que se poidan votar de xeito que todos os deputados saiban o que votan, pero que sea manexable.

Polo tanto, son as 18:17; logo, ás 19:00 horas, ou sea que serán 43 minutos, ás 19:00 horas reanudaremos a sesión.

Moitas gracias.

Suspéndese a sesión ás seis e dezaoto minutos da tarde.

Retómase a sesión ás sete e vinte e dous minutos da tarde.

A señora PRESIDENTA: Señoras deputadas, señores deputados, lles prego que ocupen os seus escanos e que guarden silencio.

Se reinicia a sesión coa rolda de posicionamento dos grupos parlamentarios respecto das propostas de resolución dos outros grupos.

Ten a palabra, polo Bloque Nacionalista Galego, o señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Moitas grazas, señora presidenta, señorías.

Señor..., ben, non está, non está ¿non? Tiña pensado comezar esta intervención realmente expresando vergoña allea, expresando vergoña allea por unha intervención, a última do portavoz do Grupo Popular, que me parece francamente deplorable. Penso que esta Cámara e penso que os homes e mulleres e o país que representamos merecen outro respecto, francamente merecen outra altura e outro rigor nas intervencións. Din, señores do Partido Popular, que están preparados para gobernar, que teñen un presidente preparado. Valente equipo, señorías, se o seu Goberno se vai conformar con este grupo parlamentar.

Porén, dicía que esta era a introdución que tiña preparada, pero non me podo resistir a, quizais, dar marcha atrás e comezar doutra maneira. E digo isto porque rematei a primeira intervención, a miña intervención na outra quenda, expresando que os nacionalistas, os homes e as mulleres do Bloque Nacionalista Galego, non perdíamos a esperanza, non perdíamos a esperanza de que o Partido Popular reafirmase as súas conviccións democráticas, volvease, polo menos, a certos consensos. E penso que, a pesar de que algunhas intervencións quizais non o indiquen, que despois da negociación que mantivemos os portavoces hai boas noticias. E quizais desacordos, desacordos de fondo que houbo nesta Cámara, nesta e noutras lexislaturas, comezan a desaparecer. Teño que anunciar que hai un acordo en materia de lingua, que o Partido Popular e os grupos que ostentamos o Goberno chegamos a unha transacción que ten como base o

texto da proposta de resolución primeira presentada polo BNG e mais polo PSOE, á que o Partido Popular engade simplemente “de acordo co Estatuto de autonomía de Galiza”. Desde o Bloque Nacionalista Galego estamos plenamente de acordo. Se o Partido Popular asume o Plano xeral de normalización lingüística, asume a protección dos dereitos lingüísticos de todos, e asume tamén que, como di o artigo 5 do vixente Estatuto, a lingua propia de Galiza é o galego, coas consecuencias xurídicas que iso ten, penso que temos moito que camiñar aínda, pero que xa comezamos a ter unha base para o consenso.

Tamén penso que a palabra non é “reto”, empracei, con toda modestia, ao Partido Popular tamén a afirmar a súa identidade democrática, como un partido españolista, de dereitas, pero democrático. Ben, nese sentido, que o Partido Popular asuma a proposta de resolución plantexada polos grupos que sustentamos o Goberno e que tamén os grupos que sustentamos o Goberno entendamos positiva a engádegas que á proposta de resolución número 21 fai o Partido Popular, penso que tamén nos coloca a todos nun mesmo campo de xogo e que nos coloca a todos tamén zanzando —penso que xa era hora, quizais este é un momento histórico de vez— vellas polémicas e vellas coitas. Vou ler como queda esta proposta de resolución, porque a nós gústanos; quizais a algúns locutores radiofónicos non, pero ese non é o problema do Bloque Nacionalista Galego.

Queda así: “O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a proseguir coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión durante a Guerra Civil e o franquismo, eliminar os símbolos, denominacións e referencias franquistas de rúas e edificios públicos, así como a colaborar na identificación dos desaparecidos e soterrados en fosas comúns durante a ditadura, a franquista, que este Parlamento máis outra vez condea”.

Penso que é unha boa ocasión para sumármonos todos e para termos todos esta identidade claramente e nitidamente democrática. Hai tamén outras transaccións. Que chegáramos os grupos a acordos tamén en materia de comisión de seguimento das infraestruturas, reiterando o noso compromiso coa proposición non de lei conxunta presentada e asinada polos tres grupos e aprobada por unanimidade nesta Cámara na sesión plenaria de 9 de setembro do ano 2008 penso que tamén é unha boa noticia e que nos empraça a

todos, pero singularmente ao Goberno, a traballar xunto co Goberno do Estado para que esa comisión de seguimento das infraestruturas no marco da Comisión Bilateral de Cooperación se críe canto antes.

Penso que tamén é unha boa noticia que chegáramos a acordos en materia de regulación do voto exterior. Nesta Cámara temos aprobado xa nesta e en anteriores lexislaturas moitas, moitísimas, resolucións sobre a necesidade de que os emigrantes voten en urna, sobre a necesidade de que os emigrantes conten, non só para votar senón tamén conten a efectos de determinar cantos deputados, cantos senadores escollle Galiza, e mesmo conten, se son cidadáns e reclaman dereitos, tamén a efectos do financiamento autonómico ou local; temos aprobado xa unha iniciativa lexislativa que está xa nas Cortes Xerais para reformar a LOREX. E non como grupos parlamentares, pero si como forzas políticas, as tres que estamos representadas nesta Cámara traballamos tamén na Subcomisión de Reforma da Lei orgánica do réxime electoral criada no Congreso dos Deputados. Reafirmar a través dunha proposta de resolución o noso compromiso e a vixencia con todas e cada unha das resolucións aprobadas na Cámara en materia de regulación do voto emigrante penso que nos pon na boa dirección, e a boa dirección para o BNG é que nas próximas eleccións autonómicas os emigrantes voten en urna e que rematen as redes clientelares de axentes electorais e a utilización partidista das instancias públicas no exterior. Ese é para o BNG o bon camiño, esa é para o BNG nesta materia a boa dirección.

Polo demais, teño que dicir que os grupos que apoiamos o Goberno imos apoiar 10 —á parte destas transaccións— propostas de resolución realizadas polo Partido Popular e que, polo de agora, o Partido Popular vai apoiar 6 das propostas de resolución formuladas polos grupos que apoiamos o Goberno máis dúas transaccións. Penso que é un saldo positivo.

Quizais, se se atende unicamente ao cuantitativo, pode haber quen pense que o rendimento é pouco. Pero onte o señor Núñez Feijoo expresou a súa vontade de marcar distancias coa época anterior —refírome á de Fraga—. Eu creo que se algo caracterizaba a forma de Goberno de Fraga e dos seus conselleiros... E hoxe cando vía baixar —bueno, eu non, porque non estiven noutras lexislaturas, pero compañeiros meus que si que estiveron noutras lexislaturas e si mo comenta-

ron— o señor Ruíz Rivas agachado detrás duns mamotretos, houbo a quen lle lembrou a forma que tiña de comparecer na Cámara o señor Pérez Varela, sempre con libros, CD e demais produción literaria e audiovisual. O que importa, señorías, non é a cantidade, é a calidade.

Claro, vostedes poden dicir, como dixo o seu portavoz pola mañá nunha rolda de prensa: É que nós temos 585 medidas contra a crise e os grupos que sustentan ao Goberno teñen só unha. Pero discutamos caís son as súas medidas e caís son as nosas. E, por certo, non é só unha. Se vostede entende que mellorar a sanidade, mellorar a educación, mellorar os servizos sociais, incrementar o ámbito competencial de Galiza, traballar para que haxa unha formación de prezos favorable aos produtores no medio rural e tamén no ámbito da pesca non son medidas contra a crise, e que temos, desde logo, unha concepción diferente, e seguramente a temos. Nós, por exemplo, señores do Partido Popular, rapidísimamente, entendo que o camiño —xa llo dixemos antes—, non é as rebaixas fiscais regresivas, non se trata de rebaixar os impostos aos que máis teñen. Esa non é a vía de saír da crise, será a vía de protexer certos intereses; non desde logo os da maioría social. Eu creo que non se trata, como din tamén noutra proposta de resolución, de crear axudas ou de establecer axudas de salvamento —por certo prohibidas pola Unión Europea— para empresas inmobiliarias. Non, non, non se trata de mellorar, xa lle dixemos antes, o balanço ou as contas desas empresas; do que se trata é de crear emprego e actividade no sector da construción. Pero precisamente para crear emprego e actividade, non para salvar a certas empresas, e crear actividade en interese público...

A señora PRESIDENTA: Vaia remantando, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: ...en beneficio do interese xeral, o que está facendo este Goberno.

Claro, hai outras francamente inadmisibles. Que, co seu historial nesa materia, nos digan agora que queren un pacto eólico entre todas as forzas políticas, pois, francamente... Este Goberno quere adxudicar a potencia eólica de Galiza en beneficio do país, establecendo a participación pública e a través de concursos transparentes...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

O señor AYMERICH CANO: ... nada de adxudicacións dixitais aos amigos.

Polo demais, penso que esto é unha evidencia —só un segundo, señora presidenta— xa non gobernan vostedes, xa non gobernan. Xa non deben seguir falando da hipoteca xove, da bolsa de aluguer, de infausta lembranza, por tanto, nin do Plano Galiza. Hai outro goberno, hai outra maioría que é a que goberna este país. Iso si, que ten, como acaba de ver, a man tendida para chegar a acordos e para saldar e para pechar feridas que penso que estiveron abertas durante moito tempo.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Aymerich.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Boas tardes de novo, señoras e señores deputados.

Eu creo que non só a lectura, digamos, rápida, urxente, das propostas de resolución presentadas polo Grupo Popular, senón a propia presentación que desas propostas se fixo fai un anaco neste Pleno, nos indican claramente non nada relevante sobre a situación do país ou sobre a situación do Goberno, pero si moi claramente como está a oposición. E a verdade é que, se un non sabe a onde quere ir, é imposible chegar nunca. E esa é a sensación que —non podo deixar de dicilo— teño cando escoito o portavoz do Grupo Popular ou cando leo as propostas de resolución.

Non se trata neste debate tan importante do Parlamento de Galicia facer o estado da situación de cada unha das comarcas —por certo, algunhas moito e outras moi pouco—, senón que é o debate do estado de Galicia, do estado de Galicia, non de cada lugar, por moi importante que este sexa para cada un dos que habitan nel. Non se trata de repetir iniciativas que xa foron tramitadas, nalgunha ocasión máis de dúas veces ou tres veces nesta Cámara, e conocen vostedes perfectamente cal é a opinión da maioría social e da maioría política sobre elas. Algunhas delas incluso que xa foron tramitadas en comisión, transaccionadas por vostedes, apoiadas favorablemente e agora voltas a traer ao debate parla-

mentario na súa formulación orixinal, despois de ter aceptada a transacción que se propuxo desde o grupo do Goberno; recentemente, por exemplo, en relación cunha iniciativa para axudar as empresas do sector da construción, que transaccionamos entre os tres na Comisión de Economía.

Non se trata tampouco, eu creo, de teimar de novo con cuestións de carácter moi menor, que parecen só preocupar a algún dos deputados asinantes das iniciativas.

Eu non me resisto, para ilustrar sobre a calidade dese feixe enorme de iniciativas, de ler algunhas.

Proposta de resolución número 207: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia solicitar ao Ministerio de Fomento no ano 2009 a supresión do 100% dos pasos públicos en servizo, e mellorar os sistemas de protección dos restantes”. (*Risos.*)

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno central ubicar a sede do Instituto Social da Mariña ata algún dos municipios costeiros das bisbarras da Mariña lucense de xeito inmediato”.

E quizás a que levaría un premio, como se reclamaba o ano pasado, sobre a creatividade, en fin..., algunha destas que teño aquí: “Para que non exclúa os organismos ou institucións nos que existan representantes ou membros designados polo Parlamento a eses representantes”. (*Risos.*)

A verdade é que me resulta absolutamente incomprensible cal é o obxectivo desto. En fin, quizais un premio ao surrealismo.

Pero hai que tomarse moi en serio este trámite, e a maioría das súas propostas, señores do Partido Popular, o que rezuman é mala conciencia. Onte vimos un exercicio complicado para o seu portavoz no que, intentando centrar o asunto naquelo que preocupa aos cidadáns e dicindo aquí que o que preocupa é a crise, non foi capaz de dicirnos cales eran as súas medidas en relación coa crise.

Hoxe o seu portavoz, facendo o mesmo —o que preocupa é a crise—, non foi capaz de dicirnos nada. ¿Cales serían as súas medidas en relación coa crise? E vaíamos ás súas propostas, ¿que é o que nos propoñen? Pois nos propoñen nin máis nin menos que fagamos o que estamos facendo, que vostedes

non facían, e que o fagamos un pouco máis. E eso en relación coa crise, en relación cos servizos públicos de sanidade ou de educación ou en relación coas iniciativas que teñen que ver coa Consellería de Traballo.

Xa estamos poñendo en marcha os programas que vostedes reclaman que poñamos. ¿Saben eso qué quere dicir? Que efectivamente o impulso do cambio ten chegado incluso aos bancos da oposición, e vostedes están de acordo co noso programa. E esa é a gran dificultade que ten o señor Núñez Feijoo. Por eso onte aquí timidamente esbozou a necesidade de desligarse do pasado. Pero como non pode facelo, porque non fai falta máis que mirar para estes bancos, aí está o seu grandísimo problema.

Aceptan o noso programa de cambio. Acéptano porque, por exemplo, nas súas propostas de sanidade descoñecen ou non queren recoñecer que xa existe un *pull* de profesionais para facer substitucións, que xa hai un plan de mellora da atención primaria, que xa hai unha previsión feita para contratar e cubrir aquelas xubilacións que se van sucedendo, que hai unha mellora substancial no calendario de vacinacións, que xa hai unha carreira profesional, que hai un impulso ao financiamento sanitario.

En traballo descoñecen que existe unha Lei de traballo en igualdade e un plan de emprego feminino, o Plan Aurora; descoñecen que xa existe un plan de igualdade nas empresas, que vostedes propoñen agora. Descoñecen en realidade o país no que están vivindo xa porque non recoñecen o cambio que se produciu nestes anos. E poderíamos seguir así sucesivamente. (*Aplausos.*)

E, claro, outra parte das súas propostas tratan de vestir algunha oferta que fixo onte o seu líder, pero se equivocan de medio a medio, porque están invertindo o que debían facer. Na proposta de Estatuto teñen que recoñecer que o traballo que se fixo neste Parlamento é perfectamente válido, non é necesario ningunha proposta do Goberno. O único que se necesita para avanzar no Estatuto é que vostedes desbloqueen aquelas cuestións ás que lles puxeron o veto. E podemos desde este Parlamento a partir de aí avanzar sen ningunha dificultade. O Parlamento, que foi quen traballou na reforma, que foi quen protagonizou a reforma, non se equivoquen vostedes de sitio. ¿Sabe o que ocorre? Que alí donde son necesarios bloquean, e donde non son necesarios e

donde non é ningunha novidade –por exemplo, na aprobación inicial dos orzamentos, que sempre formulan todos os gobernos–, é alí donde queren que, sen embargo, actúe o Parlamento, facendo todo o contrario do que indica o sentido común e o sentido político. Esas son as súas propostas. Díganme un lugar donde para a aprobación inicial, para a formulación inicial do proxecto de orzamentos, sexan os grupos parlamentarios os que traballan. ¿Queren cerrar o Parlamento? Porque vai vir aquí e vamos a discutilo aquí os tres grupos. ¿O consenso? Teñen oportunidade, teñen oportunidade de achegarse ao consenso unha vez que o proxecto entre aquí. Están facendo xustamente o contrario do que é razoable en termos políticos.

Para non falar da proposta, surrealista de novo, que fan en relación coa AP-9, que xa foi onte eu creo perfectamente explicada polo presidente da Xunta e que non teño necesidade de seguir insistindo. De novo siguen insistindo en que agora a Xunta de Galicia, despois de ampliar a concesión e de poñela en mans privadas, sexa quen asuma a titularidade; comprometendo a maior parte dos fondos da Xunta para o ano 2009 simplemente en adquirir a AP-9. ¿Estannos dicindo eso?

Porque claro é... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non hai que ler nada ben. Eso é o que están dicindo, eso é xustamente o que están dicindo. Porque calquera outra cousa, calquera outra cousa non sería posible, calquera outra cousa non sería posible.

Por último, teño que dicirlles, señores deputados, que tamén eu a pesar de todo esto me felicito de que nalgúns aspectos sexamos capaces de, a partir das propostas dos grupos que apoiamos o Goberno, chegar a un consenso, porque era absolutamente necesario. En materia de lingua era absolutamente necesario que recuperáramos a cordura por parte do Partido Popular, que volvera ao consenso que nunca debeu abandonar. O consenso é a Lei de normalización lingüística, é o Estatuto, por suposto, e é o Plan xeral de normalización lingüística. Ese é o consenso e a eso os chamamos. (*Murmurios.*)

Entendo que a intervención de onte do presidente da Xunta contribuíu a desbloquear algunhas cousas. (*Risos.*) Espero que tivera éxito tamén no Partido Popular.

E creo que é moi positivo, creo que é moi positivo que asuman tamén os efectos da Lei de memoria histórica para che-

gar a condenar a represión que se produciu durante a Guerra Civil e o franquismo. Paréceme que é de xusticia, de xusticia para as vítimas, de dignificación do seu lugar na nosa memoria; de dignificación personal para aqueles que aínda están vivos. Entendo que é moi importante para o país que vostedes se aproximen aquí tamén ás nosas posicións.

Teño que rematar. Creo que teño que rematar. En todo caso permítanme simplemente dicirlles, neste escaso momento, que lamento, en cambio, de maneira digamos moi sincera que teñamos un debate como ao que asistimos esta tarde plagado de incorreccións, de inexactitudes e de datos que non se corresponden á realidade. Non houbo ningún momento, non houbo ningún momento do Goberno do Partido Popular en que Galicia tivese unha riqueza superior á [...], señor Ruíz Rivas. Non houbo ningún momento do Goberno do Partido Popular en que estivéramos por riba do número de ocupados que temos hoxe, nin no número de activos. Non hai un once e pico por cento de paro, hai un oito e pico por cento de paro. Non houbo ningún momento, señor Ruíz Rivas, en que as cousas que vostede dixo tiveran algo de razón. Sen embargo, nós seguimos ofrecendo a nosa man para apoiar algunhas das súas iniciativas e esperemos que...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:... correspondan con nós.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS: Gracias, señora presidenta.

Señorías, para que non se me enfade o señor Aymerich, traigo máis documentación estilo señor Pérez Varela.

Mire, falaban vostedes de “deplorable actitud” deste deputado, é dicir, deste grupo. Eu creo que o deplorable é non escoitar. O deplorable é un que se crea que sempre ten a verdade. O deplorable é que un poda ir pola vida con 13 deputados, con 25 deputados, a moitos milleiros e miles de votos de quen ten 37, ir con esa soberbia de crer que vostedes sempre

teñen a razón. (*Aplausos*.) Porque ademais non é que teñan a razón os 38, a veces a razón nola impoñen 13 e ás veces 25. Solo foron capaces de impoñernos 38 a razón pois nese pequeno documento que eu lles din hoxe, que é o único que vostedes son capaces de acordar.

Pero mire, nós presentamos 585, nos aproban 10 e nos transaccionan... ¿Saben por que? Porque temos moi pouca calidade, moita cantidade. Entonces, claro, a min é que se temos que empezar con tanta calidade, ¿eu lle explicarei que é tan difícil entender que unha cousa é a participación dun goberno local e que cando non estén representados os grupos municipais en ese concello que non son goberno, podan estar representados? Pero vostedes, amantes da participación, vostedes que fixeron tantos chiringuitos participativos, ¿non cree que é diferente un goberno que un grupo político municipal? Home, creo que non é tan difícil entendelo. Como non é tan difícil entender que poda haber unha errata, e o que pon “un paso público” sea un “paso a nivel”.

Pero eso, eso, estano votando tamén vostedes en contra. Como están votando en contra de que o ISM que está en Lugo poda ir para a Mariña, cando si o votaron a favor en Comisión. (*Aplausos*.) ¿Tan pouca memoria teñen? ¿Tanto lle chamaba a atención?

Pero, señor da calidade, é dicir, vostede, que está reclamando calidade, que di: Pero ¡mira que pretenden estes!, ¡levar o ISM para a Mariña! ¡Pero se vostede votou con nós!

Mire, esa é a diferenza que hai entre uns e outros, que nós sabemos ver cando vostedes traen algo produtivo e importante para Galicia. E a vostedes dálles igual, con que veña deste bando dálles exactamente igual. Por eso, home, eu creo que algo podían facer algún esforzo para aprobar. A Lei de publicidade institucional debíana aprobar; pero a Lei de transparencia, ¿verdad?, e a Lei de subvencións, cando menos, cumprir. Isto é a de publicidade institucional. Aquí pon “Xunta de Galicia”, aquí pon “BNG”... Vostedes despois de ver isto ¿non cren que é necesario que, tal como vostedes utilizan recursos públicos... (*Aplausos*.) ...se teña que traer a este Parlamento unha lei de publicidade institucional? ¿Supoño que a ve non, señor Touriño? Como estaba así, igual non a ve. Pero esa é a verdade.

Mire, política lingüística e acordo. Nós somos unhas persoas que somos coherentes sempre co que fixemos e co que aprobamos. Este partido foi quen durante moitos anos de dirixir este país e que houbera unha harmonía na lingua, que a lingua nos unira. E fixémoslo a través dunha lei de normalización lingüística, e fixémoslo a través dun plano de normalización lingüística. E vostedes, ¿verdad?, no pouquiño tempo que levan perderon ou non foron quen de seguir garantizando esa harmonía lingüística neste país. ¿E sabe por que? Porque aprobaron un decreto que se dicía que era ilegal e que non reconecía os dereitos que tiñan que ter alumnos e pais. A liberdade é o ben máis sagrado, a liberdade é o ben máis sagrado. (*Aplausos*.) Por eso nós seguimos estando a favor da lei, a favor do plan e a favor tamén de derogar o seu decreto.

E nós agradecemos que tamén vostedes, aínda que nesta ocasión sea dunha forma sólo parcial, acepten o que pon o Estatuto de autonomía que non votaron. Porque o artigo 4 di que “ninguén poderá ser discriminado por razón de lingua”. Pois eso é o que moito galego cre que ese decreto, igual que o Consello Consultivo, non lle garantiza precisamente ese dereito; e galego de calquer signo e galego de calquer forma ou lingua a utilizar.

Mire, memoria histórica. Eu creo que por fin —e a este grupo lle gusta dicilo e agradecemos tamén que pudéramos chegar a un consenso—, porque unha vez se dea cumprimento a esta proposta, as vítimas que son vítimas están todas no mesmo plano, en plano de igualdade. Eu creo que é un avance deste Parlamento e polo tanto tamén lle agradecemos que superan vostedes poñer a todas esas vítimas nun plano de igualdade, que será efectivo unha vez se cumpra esta resolución

Menos mal que volven vostedes, aínda que sólo sea sobre o papel. Seguiremos esixindo e seguiremos tamén presionando en Madrid co voto en urna. Vostedes olvidáronse completamente desa proposta. Agradecemos aínda que teñamos que poñer: “Continuar a impulsar, a negociar...” Continuamos ao que queiran, pero, por favor, xa con tanta continuación que dunha vez por todas sexan capaces de influír en Madrid e consigan algo. A nós non nos importa reiterar e *reiterar la reiteración*, pero consigan algo tanto no voto en urna como nesa comisión bilateral. Porque tanto pasamos de dicir que hai un plano moito mellor de garantía para os galegos, que é o señor Touriño, e non todas as forzas políticas,

un plano moito mellor que esté a señora Magdalena Álvarez e a señora Caride e que non podamos estar o resto dos partidos políticos. Moi ben, pero cando menos consigan que esa comisión bilateral analice e sexa quen de botar adiante esas infraestruturas que teñen tanto retraso.

Non sei se me escoitou antes o señor Touriño o desa bóla de cristal, que di que vostede xa sabía claramente porque non pode enganar nin a este grupo nin aos galegos, porque non nos cremos que sea vostede e o señor Caballero os dous únicos gallegos –e coa señora Caride, tres– que se crean que o AVE vai estar en 2012 en Galicia. E menos con estes presupostos. A non ser que sea o AVE tamén que vostede dixo onte, que xa temos inaugurados non sei cantos quilómetros de alta velocidade. Supoño que se referiría vostede ao eixo Atlántico, Santiago-A Coruña, sen electrificar, e a 160 por hora. Digo eu que non renunciarán a un tren de alta velocidade, a un AVE, e non o deixen nun *avejaruco*, ¿verdad?. *(Risos.) (Aplausos.)*

A débeda, e sobre todo o que vamos a deixar uns e outros. Vostedes non se recordarán, ou non queren recordalo, pero o país está cheo de placas que recordan o Goberno de Manuel Fraga. Si, si, o recordan, pero, sobre todo, o recordan aqueles galegos que viron 900 quilómetros de vías de alta capacidade, que viron 3.000 quilómetros de rede convencional, que viron salir a adiante tres universidades; aqueles galegos que foron quen de ver como unha sanidade pasaba de 11 a 33, ¿verdad?, hospitales. *(Aplausos.) (Protestas.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Por favor! ¡Silencio!

O señor RUÍZ RIVAS: Una sanidade que era quen de pasar con 150 novos...

A señora PRESIDENTA: Señor Ruíz Rivas, un momento. Señor Ruíz Rivas, un momento.

Silencio, por favor. Señora Seara, silencio.

Gracias.

O señor RUÍZ RIVAS: Unha sanidade que era quen de facer 150 novos centros de saúde, arranxar 190. E poderíamos seguir con multitude de accións. Esa foi a Galicia que vostedes colleron. Colleron unha Galicia que lexos de estar

naquel 20% de paro estaba practicamente na mitad. Nunha Galicia que no último trimestre de Goberno do Partido Popular foi quen de crear os mesmos postos de traballo que vostedes en 36. E cando fagamos o análisis final veremos como é. Unha Galicia, mire, non como a que vostedes van deixar, na que decrece o número de afiliados á Seguridade Social no último ano, no que a taxa de ocupación crece a un tercio da do Estado, no que o galego non se sente identificado con quen lle di que ten un plus de resistencia.

Pois ben, vostedes é hora de que vaian facendo as maletas. E vaian facendo as maletas, que ademais lle vai ser moi fácil. Porque no seu bagaxe levan moi pouquiño feito. Porque é moi difícil facer cando non se coordina. É moi difícil facer cando non temos un presidente senón que temos dous. É moi difícil facer cando non temos un proxecto único. É moi difícil facer cando os gastos non van a donde teñen que ir e si que van a incrementar o gasto corrente, o gasto en asesores, etc. etc.

Polo tanto, este Pleno e este día de hoxe foi un exemplo do que vostedes din e do que vostedes fan. Onte hubo dúas grandes propostas. A do señor Quintana: blindaxe competencial para que Galicia quede blindada da crisis. E ¿sabe como foi –e podémolo ver nas súas propostas–? Que transfiran o Instituto de Meteoroloxía. Blindados estamos, señor Quintana. Pero é que o señor presidente nos presentou un plan que hoxe xa desapareceu. ¿Donde está explicitado? ¿Que quere vostede dicir con eses 430 millóns? ¿Que fixo o señor Ricardo Varela durante estes dez meses do ano? Non gastalos. Non executalos. Polo tanto, non venda precisamente o que é produto de non haber feito nada.

E, por último, parece mentira que a soberbia lle chegue a vostedes a tal punto que non sepan ver, e ademais o calificaron como surrealista,...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor RUÍZ RIVAS: ... que o grupo maioritario deste país –remato, señora presidenta– lle ofrezca un pacto no instrumento que temos para paliar a crisis, como son os presupostos, e vostedes contesten “surrealista”. Surrealista é un goberno que non se fala entre si, un goberno que non coordina entre si e un goberno que está a subsistir nos meses que lle quedan.

Por eso, como non van ter vostedes xa ningunha fricción nestes seis meses, porque o acordaron vostedes dous, o malo para os galegos é que tampouco van ver nada que tivera que ver con un goberno...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS:... senón medidas parciais e parches, que é o que saben facer.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Voulle pregar ao señor secretario que dea lectura ás propostas de resolución transaccionadas ou modificadas.

O señor SECRETARIO (López Vidal): Gracias, señora presidenta.

As propostas de resolución son as seguintes: Proposta de resolución número 1 do Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego transaccionada coa 335 do Grupo Parlamentario do Partido Popular, que di o seguinte: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar coa aplicación do Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado unanimemente polo Parlamento e que indicou o camiño de aproximación, pactos e consenso que deben permitir o impulso da lingua galega dentro do respecto aos dereitos de todas e todos, de acordo co Estatuto de autonomía de Galicia.”

A proposta de resolución número 4 do Partido Popular: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, a seguir a desenvolver as accións precisas para dar cumprimento aos acordos do Parlamento de Galicia en materia de regulación do voto exterior.”

Proposta de resolución número 21 do Grupo Parlamentario Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, que dice o seguinte: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, a proseguir coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida na Guerra Civil e durante o franquismo, eliminar os símbolos e denominacións e referencias franquistas das rúas e dos edificios públicos así como a colaborar na identificación dos desaparecidos e soterrados en fosas comúns durante a ditadura franquista, que este Parlamento unha vez máis condena.”

Proposta de resolución número 41, do Grupo Parlamentario Popular: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a facer efectivo o acordo de crear o Observatorio da Negociación Colectiva, que se encargue, ademais, de facer un seguimento da implicación dos axentes sociais na conciliación da vida laboral, familiar e persoal dos traballadores e traballadoras galegas.”

Proposta de resolución número 187 do Partido Popular: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar coas accións precisas no marco das relacións co Goberno do Estado para dar cumprimento ao establecido na proposición non de lei conxunta relativa ao cumprimento dos compromisos asumidos polo Estado en materia de alta velocidade ferroviaria en Galicia (Proposta de resolución con número de rexistro 30263, aprobada por unanimidade na sesión plenaria de 9 de setembro de 2008.)”

Nada máis e moitas gracias, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor secretario.

Imos proceder á votación das propostas de resolución. Vamos pechar as portas.

E os voceiros, se me dicen como... Señor Roberto Castro, ¿me fai vostede unha proposta ou lla fago eu? A miña é moi razoable.

O señor CASTRO GARCÍA: Eu encantado de que me faga unha proposta razoable, que seguro que o será; e eu tamén lle farei unha a vostede que non será menos razoable. Desde logo, non lle vou a propoñer que votemos as 585 xuntas, evidentemente. Pero un paquetiño de, en total, 20, si, señora presidenta. Para non ser menos cas 21 dos dous grupos, señora presidenta.

Se lle parece, dígolle:

Por separado a 3, e despois nun paquete a 14, 15, 16, 22, 34 e 53.

Á parte, noutro, a 78. Á parte, noutra votación, a 96. Outro, 97. A 137 e 143.

A señora PRESIDENTA: Perdón pero non lle entendín absolutamente nada, ¿156, 364, 380, 382, 432,...?

O señor CASTRO GARCÍA: ¿Como dice, señora presidenta? A ver, señora presidenta, estamos nas decenas e nas...

A señora PRESIDENTA: ¿E me está propoñendo votar algunha sola, separada?.

O señor CASTRO GARCÍA: Si, señora, si. Si, porque eu podía pedirlle a votación das 585. Vostede sabe perfectamente que eu podo facer eso, señora presidenta.

Mire, se quere dígollo en dúas palabras cada unha delas qué quere decir, así entendémonos máis facilmente.

A señora PRESIDENTA: Estamos na 143. Separadas todas estas. ¿Máis separadas?

O señor CASTRO GARCÍA: A 174 separada, a 181 separada. Xuntas a 213 e 218; xuntas a 215, 216 e 217; á parte e xuntas: 352, 353 e 354... ¿Non me sigue, señora presidenta?

A señora PRESIDENTA: Non, non o sigo. Pásemo por escrito, porque me parece... síntoo moito, pero as posibilidades de votación son dúas e ¡claro!...

O señor CASTRO GARCÍA: O meu escrito é meu, señora presidenta...

A señora PRESIDENTA: Me pasa vostede o seu papel por escrito e vamos a ver como votamos as dos grupos...

O señor CASTRO GARCÍA: Temos que votalas como eu lle solicito.

A señora PRESIDENTA: Eu non lle digo que non se vaian votar como vostede o solicite, pero mas pasa por escrito. Mo pasa por escrito.

A señora PRESIDENTA: Ten vostede o escrito. Pásemo.

O señor CASTRO GARCÍA: ¿Donde había quedado a señora presidenta?

A señora PRESIDENTA: É que, como vostede comprenderá, señor Castro, vostede que leva moito tempo e é un ilustre e veterano deputado, sabe desto moitísimo. Pero eu, que son menos veterana, tamén. Entón, ¡claro! vostede me vai facer

20 grupos de votacións. Vostede ten decidido que se vote 20 veces, que me parece estupendo, pois entón pásemo por escrito. Tan sencillo como eso. Vostede mo trae por escrito e entón sometemos a votación as súas propostas de resolución en función do que vostede escriba.

Señores voceiros do Grupo Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, a súa votación das súas 31 ¿como a queren? Entendo que as transaccionadas, obviamente, a 1 e a 21 que están transaccionadas co Grupo Parlamentario Popular, a 1 inclúe a 335 do Grupo Parlamentario Popular e despois... e as outras noutro paquete, ¿non? As transaccionadas, as números 10, 11, 17, 27, 25 nun paquete, e as outras noutro paquete. Tres paquetes ¿non? ¿Si?

Eu creo que as súas as teño claras. Transaccionadas é a 1 e a 21. A 1 o que pasa é que está transaccionada coa 335 do Partido Popular. E logo hai un paquete de 10, 11, 17, 24, 25, 31 e despois o resto. ¿Estamos de acordo, señor Leiceaga? É o que ...

Déanlle voz, por favor, ao escano do señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: Digo que a efectos de facilitar o labor da Mesa, se quere, podemoslle indicar tamén as propostas de resolución do Partido Popular que imos votar favorablemente, nun paquete só. Non queremos paquetes separados.

A señora PRESIDENTA: Xa as teño, señor Aymerich.

Por eso era un paquete que eu lle sugería ao señor Castro García.

Vamos a empezar por votar as dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia.

Votación de dúas propostas de resolución transaccionadas, a 1, transaccionada coa 335 do Partido Popular, e a 21.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas por unanimidade estas dúas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución do Grupo dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego números 10, 11, 17, 24, 25 e 31.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan por tanto aprobadas por unanimidade estas propostas de resolución .

O señor CASTRO GARCÍA: Señora presidenta, agora separe vostede a 3, a 20, e a 27 dos grupos que apoian o Goberno; 3, 20 e 27.

A señora PRESIDENTA: Pero iso me terán que decir os grupos..., señor Roberto Castro, que non mo dixeron.

O señor ROBERTO CASTRO: Bueno, bueno, vale.

A señora PRESIDENTA: Señor Leiceaga, señor Aymerich, ¿separamos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Me van a perdonar. Levaron vostedes unha hora para transaccionar, e chegar agora aquí para montar este número, é pouco serio, me van a perdonar...
¿Señor Rego?

O señor REGO GONZÁLEZ: Me parece razonable que, se hai unha petición de que se separen tres propostas de resolución, [...]; polo tanto, non ten que haber ningún inconvinte en que se poidan separar.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Eu non teño ningún inconvinte.

Dígame qué números eran, que parece que non teñen inconvinte.

O señor CASTRO GARCÍA: A 3, a 20, e a 27.

A señora PRESIDENTA: Ben, entón votamos agora a 3 a 20 e a 27 das propostas de resolución dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das propostas de resolución 3, 20 e 27 dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 37.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

A señora PRESIDENTA: Entón agora votamos o resto das propostas de resolución dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.

Me van a perdonar, señores voceiros... Non digo que non, pero me teñen que decir os voceiros que si, separado... Moi ben, diga vostede cales quere separadas.

O señor CASTRO GARCÍA: Vamos a ver, moitas grazas, señora presidenta.

A votación que queremos facer é das propostas de resolución 6, 7, 12, 15, 16, 23 e 29.

A señora PRESIDENTA: Pasamos a votar a 6, 7 12, 15, 16, 23 e 29, das propostas de resolución dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das propostas de resolución 6, 7 12, 15, 16, 23 e 29 dos Grupos Parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 37.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda por tanto aprobadas estas propostas de resolución.

E agora vamos a someter a votación as que quedan que entendo que son todas, agás a 1, a 21, a 10, 11, 17, 24, 25, 31, 3, 20, 27, 6, 7, 12, 15, 16, 23 e 29, que xa están votadas.

Votamos o resto.

Votación das propostas de resolución dos Grupos Parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, agás a 1, a 21, a 10, a 11, a 17, a 24, a 25, a 31, a 3, a 20, a 27, a 6, a 7, a 12, a 15, a 16, a 23 e a 29

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución por unanimidade.

A señora PRESIDENTA: O señor Castro me autorizou a que unha relación que teño aquí de propostas de resolución que el nos aportaba se voten separadamente. Vamos a empezar a votar as transaccións. Temos as transaccionadas do Grupo Parlamentario Popular, a 4, 41 e a 187.

Votación das propostas de resolución transaccionadas do G. P. Popular, números 4, 41 e 187

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas por unanimidade estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución do G. P. Popular números 156, 367, 380, 382, 432, 456, 457, 467, 471 e 517.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobada por unanimidade estas propostas de resolución.

Votación da proposta de resolución número 3 do G. P. Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución do G. P. Popular números 14, 15, 16, 22, 34 e 53.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación da proposta de resolución número 78 do G. P. Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 96 do G. P. Popular

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 99 do G. P. Popular

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución do G. P. Popular números 137 e 143.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación da proposta de resolución número 164 do G. P. Popular

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución .

Votación da proposta de resolución número 174 do G. P. Popular

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución .

Votación da proposta de resolución número 181 do G. P. Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución .

Votación das propostas de resolución do G. P. Popular números 213 e 218.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación das propostas de resolución do G. P. Popular números 215, 216 e 217.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución .

Votación das propostas de resolución do G. P. Popular números 352, 353 e 354.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución .

Votación da proposta de resolución número 355 do G. P. Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 374 do G. P. Popular. Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación da proposta de resolución número 379 do G. P. Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo .

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución .

Votación das propostas de resolución do G. P. Popular números 475, 476 e 484

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitadas estas propostas de resolución.

Votación da proposta de resolución número 540 do G. P. Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución .

Votación da proposta de resolución número 543 do G. P. Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo .

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta resolución.

Votación da proposta de resolución número 547 do G. P. Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo .

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de resolución.

Votación das propostas de resolución números 548 á 584 do G. P. Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo .

En consecuencia, queda rexeitada as propostas de resolución .

Votación das propostas de resolución do G. P. Popular, agás a 156, 367, 380, 382, 432, 456, 457, 468, 471 e 517, a 335 (transaccionada), a 4, a 41, a 187 (transaccionadas), e a 3, 14, 15, 16, 22, 34, 53, 78, 96, 99, 139, 143, 164, 174, 181, 213, 218, 215, 216, 217, 352, 353, 354, 355, 374, 379, 475, 476, 484, 540, 543, 547, e da 548 á 574.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas de resolución.

A señora PRESIDENTA: Como é tradicional nesta Cámara, finalizado o debate e votación das propostas de resolución do debate de política xeral, os voceiros, si queren, teñen un turno de cinco minutos de explicación de voto.

Señor Aymerich, polo Bloque Nacionalista Galego.

O señor AYMERICH CANO: Gracias, señora presidenta.

Penso que ao fin deste debate está todo dito, ¿non? E está todo dito non só coas palabras duns e as palabras doutros, non só coas propostas duns e as propostas doutros senón

sobre todo está todo dito coa falta de rigor duns, coa actitude negativa duns cara ao país, e o compromiso dos grupos que sustentamos o Goberno.

Poden dicir vostedes, señores do Partido Popular, o que queiran. Poden intentar que nos enganemos nas votacións someténdonos a un exercicio sádico de xerbar, de partir, as súas propostas de resolución nos pacotes que queiran. Aquí hai unha maioría sólida que sustenta o Goberno, que non se pecha, señor Roberto Castro, en ningún piso franco, e que sustenta o Goberno os 365 días do ano e en todas as votacións. Porque é unha maioría comprometida coa maioría social deste país, comprometida coa cidadanía, comprometida cun programa de goberno.

E miren, vostedes poden disfrazarse do que queiran, poden comparecer aquí neste debate, á parte xa das cuestións máis cómicas, poden comparecer neste debate disfrazados cunha pel de año, cunha pel de borrego, de sensibilidade social. Están moi preocupados, seica, os do Partido Popular pola sociedade e polas mulleres e homes deste país. Pero non enganan a ninguén. Sabemos que teñen un programa oculto, (*Risos.*) sabemos que teñen unha axenda oculta. Si, si, voulla contar agora. ¿Non a coñecen? A do señor Montoro. Si, si, ¿saben cal é o programa do señor Montoro —está na páxina web do Partido Popular, lean— contra a crise? Limitar o incremento do orzamento ao 2% recortando o gasto social. Rebaixar os impostos que pagan os máis riscos, o imposto de sociedades, o imposto de sucesións e doacións; tamén o imposto de patrimonio. Reducir as cotizacións á Seguridade Social e tamén reducir as cotizacións empresariais ao fondo de garantía salarial. Reformar o mercado laboral abaratando o despedimento. Incremento da competencia en hidrocarburos, a que introduciron vostedes no ano 1998, que fai que en Galiza, tendo refinería —en concreto na comarca da Coruña—, paguemos os combustíbeis máis caros que noutros lugares onde non a teñen. E, desde logo, introducir competencia nos servizos, léase, privatizar a sanidade e o ensino.

Non, señores do Partido Popular, o pobo galego sabe moi ben..., rían, rían, saben moi ben qué fixeron e, efectivamente, o país está cheo de pegadas súas. Si, está cheo de pegadas súas, tivo que vir este Goberno e tivo que vir esta maioría parlamentaria para repor as cousas ao seu estado.

Poden facer os chistes que queiran, poden, señores do Partido Popular, xogar coa intelixencia das persoas, mais o pobo galego non lles é parvo, o pobo galego sabe ben quen está da súa parte, sabe ben quen actúa con rigor, quen ten realmente un programa contra a crise, quen ten un programa favorable á maioría social e sabe ben que vostedes á fin e ao cabo son os de sempre, os de favorecer a catro amigos e os de dicir, como dicían, que as familias do Partido Popular están mellor preparadas que os demais para acceder aos cargos e ás funcións públicas.

Ese é o seu modelo de gobernar, esa é a súa forma de gobernar. E, polo demais, miren, no próximo debate —seguirán na oposición— un pouco máis de rigor, de verdade. Se queren facer seiscentas fagan seiscentas, pero non nos digan que o Partido Popular fixo estradas (*Murmurios.*). Saben..., si, si, hai unha proposta de resolución que di que vostedes fixeron o treito dunha estrada que vai de Becerreá a Sarria e que está feito polo Partido Popular. ¿Que lle impoñen? ¿Prestacións persoais aos seus afiliados ou é que llo concederon a amigos do Partido Popular para facelo? Seguramente o segundo, un lapsus do subconsciente, que os traicionou neste caso.

E din tamén..., falan da unidade de mercado, outra das propostas do señor Montoro, pero propoñen unha táboa, fíxense ben, específica, de valoracións específicas para a liquidación do imposto de sucesións e doazóns para os núcleos rurais de Lalín. Esa é a súa idea de unidade de mercado e a súa idea de país, como dicían onte, de Galiza como unha cidade.

Non, non é momento, de verdade, de bromas. O país non está para chistes, o país está para traballar en serio, para comprometerse en serio con el. E xa lles digo, se queren botar unha man, benvidos; hai un Goberno e hai unha maioría parlamentaria que con vós, con vostedes ou sen vostedes, vai sacar o país adiante.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Aymerich.

A señora PRESIDENTA: Señor Rego González, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías, certamente eu penso que debemos de felicitarlos todos por este sereno e eu penso que frutífero debate do estado da Autonomía, do que disfrutamos, e eu penso que clarificou e serviu para clarificar a todos os galegos durante estes dous días. Eu penso que se demostrou con claridade e tamén con contundencia que o presidente da Xunta rinde contas diante dos seus cidadanos a través do seu Parlamento, explicou as iniciativas que o Goberno adoptou durante estes tres anos –especialmente neste último ano– e tamén, señorías, os seus resultados. Polo tanto, hai un presidente que lidera un goberno útil e eficaz para Galicia e para os galegos. Quedou absolutamente demostrado ao longo deste debate. Rindeu contas de todas e cada unha das iniciativas que adoptou o Goberno. Pero para nós, o que é máis importante: o presidente da Xunta de Galicia demostrou neste debate que, ademais deso, ten capacidade e ganas e liderazgo e un goberno serio e confiable para sacar adiante e xestionar con eficacia o presente e o futuro do país. Isto, señorías, convirán comigo que tamén quedou convenientemente claro.

Fixo propostas para o futuro, tendeu a man para acordalas, propostas que ademais as fai no nome dun goberno que conta cunha sólida maioría parlamentaria. Por certo, creo eu que como nunca na historia da nosa autonomía. Señorías, modestamente, como nunca; sólida maioría parlamentaria. Aínda que lles dea a risa, ¿que lle imos a facer?

Pero o presidente tamén demostrou que para as medidas que aquí presentou conta coa complicidade activa dos axentes económicos e sociais do noso país. E estamos completamente seguros que cos da inmensa maioría dos galegos e das galegas. Porque, señor Ruíz Rivas, facía vostede aquí unha afirmación –me vou a referir a vostede–, porque facía unha afirmación que dicía que os 430 millóns de euros que vostede non entendía moi ben que o conselleiro de Traballo era que non os gastara, que non sei qué pasaba. Voulle explicar –porque esta é unha das medidas desde logo importante das que o presidente puxo á disposición dos galegos nesta tribuna–, pero voulle dicir como vostede –imaxínome que sería por indicación do seu líder– non o entendeu. Claro, os empresarios gallegos celebran as medidas económicas anunciadas por Touriño durante o debate do estado da Autonomía, señor Ruíz Rivas. Os empresarios, parece –non sei se estaban na tribuna pero imaxínome que non–, sin embargo entenderon as medidas que presentou aquí o presidente da Xunta de Galicia; polo tanto, seguro que vai a contar coa súa

complicidade e co seu apoio para facelas útiles para os cidadanos do noso país.

O máis importante para nós é que as medidas que anunciou o presidente para sacar adiante o país e fortalecelo diante da crisis que vamos a vivir, como están vivindo os países do noso contorno, señorías, teñen que ver coa política de investimento produtivo, teñen que ver coa austeridade no gasto, e teñen que ver con afrontar o principal problema que teñen as familias, que poden ser aquelas familias que poden perder o seu posto de traballo. Teñen que ver con políticas sociais, políticas de fortalecemento da economía, das familias, do noso país. Esas son as medidas que presentou o presidente, para as que lle tendeu a man, desde logo, a todos os cidadanos e, desde logo, a quen ostenta a labor da oposición.

E aprobamos unhas propostas de resolución, señorías, que temos que autofelicitarlos eu penso que todos, señor presidente. Aquí si que o vou a felicitar, porque a verdade é que a súa insistencia na necesidade de volver ao consenso sobre a lingua, eu penso que deu frutos, e permitiu que todos os deputados e diputadas da Cámara volvan outra vez –déixenme que o diga modestamente– ao rego (*Risos.*), volvan outra vez ao consenso, e ao diálogo, ao rego do consenso e do diálogo, señorías, en torno ao noso ben máis prezado, que é a nosa lingua. Espero, señores do Partido Popular, que pasadomañá non pretendan romper con outra iniciativa ou con outro comportamento que busque única e exclusivamente un puñado de votos. Espero que non o faigan.

Pero tamén houbo un acordo importante e se aprobou unha resolución importante que presentamos o Partido Socialista de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego en torno ao financiamento autonómico, que foi votada polo Partido Popular e que nós o valoramos moi positivamente, porque é moi bon, como o presidente reclamou, que esta Cámara teña unha posición común en torno a un tema de país como é ese. Polo tanto, tamén o debate do estado da Autonomía sirveu para eso, señorías. E sirveu tamén –por que non decilo– para acordarnos da Lei de memoria histórica e de ver como a súa aplicación se pode desenvolver en Galicia en función dunha proposta de resolución que aprobamos tamén neste Parlamento felizmente por unanimidade, señorías.

Houbo cuestións que non puidemos facer e que non puidemos acordar, porque aquí hai, señorías, un presidente e un

Goberno que xestionan o presente con eficacia pero que o xestionan mirando ao futuro, mirando para adiante. E hai outra opción que ustedes ensinaron aquí moi ben —e aquí, señor Aymerich, eu non poido estar de acordo con vostede—, eu penso que o programa do Partido Popular oculto, oculto, non parece; e lles vou a dicir por que. Porque vostedes ensinaron perfectamente o que farían. ¿Saben donde? Nas súas propostas de resolución. Aí é onde está o verdadeiro programa de vostedes, vostedes queren volver ao pasado. Aquí hai un Goberno que mira para o futuro e vostedes queren volver ao pasado da política do lavadoiro, da choiva fina polo territorio, das políticas de discrecionalidade no investimento público, nas políticas de ocorrencia. Por eso presentaron quinientas e non sei cantas propostas de resolución, un partido que ten nada menos que 37 deputados e que como programa de actuacións para o futuro de Galicia presenta quinientas e pico propostas de resolución, señorías, que todas atenden a cuestións puntuais, absolutamente sen ningún tipo de interese global para Galicia, como se entende que debe de ser o debate do estado da Autonomía. Vostedes presentaron propostas de resolución que seguramente poderían ser ben entendidas e ben tratadas como nunha comunidade de propietarios de portal ou nun concello, como mocións a un concello, seguramente que si. Pero este é o Parlamento de Galicia, e aquí falamos do debate do estado da Autonomía dos galegos, señorías, nunha Cámara que ten capacidade para legislar, que aproba o presuposto, que ten competencias exclusivas en sanidade, que ten competencias exclusivas en educación.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rego.

O señor REGO GONZÁLEZ: En tantas e tantas cousas, señorías, que eu creo que vostedes a única cousa que demostraron...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor REGO GONZÁLEZ:... —e remato, señora presidenta— que diante da aposta de futuro que o presidente da Xunta de Galicia e o seu Goberno e os grupos que o sustentamos, e representamos aquí hoxe, vostedes a única cousa que representan, señor Núñez Feijoo —e celebro que o aclarasen nas propostas de resolución porque é bon que os galegos o coñezan—, a única cousa que pretenden vostedes é unha volta ao pasado. Cos galegos creo que non van contar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rego.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Núñez Feijoo.

O señor NÚÑEZ FEIJOO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, onte o grupo maioritario da Cámara e eu mesmo quixemos deixar claro que estamos ante un momento de extraordinaria dificultade. Queixámonos e quixemos deixar claro que necesitamos máis a unidade probablemente que en toda a época de autonomía.

Onte o Goberno tivo que aprobar unha medida excepcional, un plan preventivo de rescate da banca con diñeiro público. Hoxe todos os aforradores, todos os españois, todos os galegos, nos levantamos coa preocupación de se os nosos depósitos están suficientemente garantidos, e podo dicir desde eiquí que si, que si. E o Goberno, igual que a xente responsable, o Goberno de España, ten preocupación por esta cuestión.

Hoxe temos unha serie de noticias que nos volven a encher de preocupación, as 35 primeiras empresas españolas acaban de perder o 5,20% do seu valor na segunda caída histórica no que levamos de ano. O Fondo Monetario Internacional prevé que no ano 2009 teñamos a primeira recesión en España desde fai quince anos, e que o paro se incremente ata o 14%. Isto non son páxinas web, isto é o que dice o Fondo Monetario Internacional.

Pero hoxe vimos que o bipartito e o consenso son dous conceptos que encaixan mal. Hoxe vostedes demostraron a pouca intención que teñen de chegar a acordos. Hoxe rexeitaron o 98% das propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular, incluso ridiculizaron que presentáramos máis de quingentas propostas. A resposta a isto foi que o Grupo Parlamentario Popular pactou o 70% das súas propostas. E hoxe vimos que o bipartito non só non ten proxecto senón que lle molesta que os demais teñamos proxecto. *(Aplausos.)*

Señorías, propuxemos un plan completo de actuación en cada comarca de Galicia e votaron que non, propuxemos retomar o consenso acadado nesta Cámara para desbloquear as infraes-

truturas do AVE e das autovías e votaron que non. Propuxemos facer un plan de austeridade para reducir o número de asesores de altos cargos de personal de confianza e votaron que non. Propuxemos retomar a reforma do Estatuto cun proxecto –a ver se se aclaran dunha vez–, dun proxecto que esté de acordo o PSOE e o Bloque, para ver se polo menos de verdade a culpa a ten o PP; algún proxecto no que estén de acordo e que nolo remitan, e votaron que non. Lles propuxemos pactar os presupostos do ano 2009 e votaron que non. Siganse reíndo das comarcas de Galicia. Agora resulta que Galicia son 14, os destas bancadas, ou 38, os que apoian aos distas bancadas. Non, Galicia son 2.800.000 (*Aplausos.*), e vostedes non serían nada sen os concellos e as comarcas de Galicia.

Señoría, eu volvo a reiterar o que dixen onte, reunámonos xa. Reunámonos xa para falar en serio, reunámonos xa polo menos para tres cuestións: a primeira, para falar en serio da execución do Estado en Galicia, 2.000 millóns de euros sen executar nos últimos catro exercicios; a segunda, o financiamento autonómico, e –para seguir a estela do nacionalista– o financiamento autonómico donde teña unha especial incidencia o financiamento da Lei da dependencia; e a terceira, pactar os presupostos do ano 2009.

Señorías, mañá á primeira hora nos despachos, señor presidente do bipartito e vicepresidente, terán unha proposta miña e unha carta para reunirnos xa, para reunirnos xa con

esas tres propostas. Supoño, señorías, que o van a tomar en serio, alá vostedes.

Eu comprendo, señorías, que lle poda sorprendere a algún que a nosa guía na normalización lingüística sexa o Estatuto de autonomía. Esta é a nosa guía, señorías, (*Aplausos.*) non o decreto do señor Touriño e do señor Quintana, esta é a nosa guía.

Pero eu lle propoño unha cousa. Vostedes acaban de plantexar formalmente neste Parlamento unha das iniciativas máis interesantes: facer un plan estratéxico de xogos de bolos celtas e billardas. (*Risos.*) Señorías, mentras vostedes fan o plan estratéxico de bolos celtas e billardas, nós queremos consensuar o presuposto do ano 2009.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Moitas gracias.

Moitas gracias, señor Núñez Feijoo.

Rematada a orden do día, levántase a sesión.

Boas noites e moitas gracias a todos e a todas.

Remata a sesión ás oito e corenta e sete minutos da tarde.



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25